

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL REALIZADA O DÍA 3 DE XUÑO DE 2025

PRESIDENTA:

D^a Diana Piñeiro Fernández

ASISTENTES:

D. Rubén Vázquez Pérez
D^a Patricia Esther Espiñeira Galán
D. Omar Gonzalo Lamela Vázquez
D. Raúl Varela Fraguio
D. Manuel Castro Uzal

INTERVENTORA MUNICIPAL:

D.^a Lucía Mata Rodríguez

SECRETARIA XERAL:

D.^a Pilar María Pastor Novo

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre (A Coruña), sendo as dez horas do día tres de xuño do ano dous mil vinte e cinco, reúnese a Xunta de Goberno Local, en primeira convocatoria, co obxecto de celebrar sesión ordinaria baixo a Presidencia da Sra. alcaldesa, D^a. Diana Piñeiro Fernández, e coa asistencia dos/as Sres./as concelleiros/as D. Rubén Vázquez Pérez, D^a Patricia Esther Espiñeira Galán, D. Omar Gonzalo Lamela Vázquez, D. Raúl Varela Fraguio e D. Manuel Castro Uzal.

Asiste á sesión a interventora municipal, D.^a Lucía Mata Rodríguez, e actúa como secretaria a secretaria xeral do Concello, D.^a Pilar María Pastor Novo, que dá fe do acto.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 133.1.b) do Regulamento orgánico municipal para a válida celebración das sesións, declara aberta a sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO DÍA 27 DE MAIO DE 2025

De conformidade co preceptuado nos artigos 108.2 e 133.4 do ROM, a Presidencia pregunta se existe algunha obxección ou observación á acta da sesión ordinaria celebrada en data 27 de maio de 2025, da que se entregou copia coa convocatoria desta sesión, e non producíndose ningunha, pola Presidencia sométese a votación ordinaria a súa aprobación, sendo aprobada por unanimidade.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a acta da sesión ordinaria realizada en data 27 de maio de 2025.

2.- BOLETÍNS E CORRESPONDENCIA

De orde da Presidencia, a secretaria xeral dá conta aos asistentes á Xunta de Goberno Local das seguintes publicacións:

- Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes. Sección de Servizos Sociais da excma. Deputación provincial da Coruña, aprobación das bases reguladoras, en réxime de concorrencia, do programa de

subvencións a concellos e outras entidades locais para financiar actividades de envellecemento activo e actuacións de loita contra a soidade non desexada no ano 2025 (FOEAC-2/2025). BOP número 100, de 28-05-2025.

- Dirección Xeral de Promoción da Igualdade, Consellería de Política Social e Igualdade, Resolución de 21 de maio de 2025, pola que se publica a Resolución de 20 de maio de 2025 que pon fin ao procedemento de concesión das subvencións convocadas mediante a Orde de 3 de xaneiro de 2025, pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións ás entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para a promoción da igualdade, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, cofinanciadas parcialmente pola Unión Europea no marco do programa FSE + Galicia 2021-2027, e se procede á súa convocatoria para o ano 2025 (códigos de procedemento SI436A, SI435A e SI427B). DOG número 102, de 30-05-2025.

- Axencia de Turismo de Galicia, Resolución de 2 de maio de 2025, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrència non competitiva, de subvencións a concellos para o apoio, promoción e difusión das festas declaradas de interese turístico de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2025 (código de procedemento TU500A). DOG número 103 de 02-06-2025.

3.- PROPOSTAS

3.1. PROPOSTA RELATIVA Á PRÓRROGA POR UN ANO MÁIS, ATA O 21.08.2026, DO CONTRATO DO SERVIZO DE “ROZA E DESHERBADO MECÁNICO E/OU MANUAL DE VÍAS DE TITULARIDADE MUNICIPAL E LEIRAS DO CONCELLO DE CAMBRE”. EXPEDIENTE NÚM. 2023/C004/000007

A Presidencia somete a debate e consideración da Xunta de Goberno Local a proposta do concelleiro delegado da Área de Economía, Facenda, Contratación, Réxime Interior e Desenvolvemento Económico de data 30 de maio de 2025 (CVD: 507PsSmEQs9w+66grc6z), que transcrita di:

“PROPOSTA DO CONCELLEIRO DE ECONOMÍA, FACENDA, CONTRATACIÓN, RÉXIME INTERIOR E DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO PARA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Visto que, a Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria do día 18 de xuño de 2023, adoptou, entre outros, adxudicar o servizo de “Roza e desherbado mecánico e/ou manual de vías de titularidade municipal e leiras do Concello de Cambre”, expediente núm. 2023/C004/000007 a favor do licitador “José Carlos Mallo Ares”, cun orzamento limitativo máximo de 145.0000 euros sen IVE (159.500,00 euros IVE incluído), cunha porcentaxe de desconto dun 3,8% para todos e cada un dos prezos unitarios que se detallan na cláusula 5 do PCAP, formalizándose o contrato o día 21.08.2023.

Visto que a cláusula cuarta do PCAP do contrato do “Servizo de limpeza, roza e desherbado mecánico e/ou manual de vías de titularidade municipal e leiras no Concello de Cambre” (Expediente TEDeC núm. 2023/C004/000007) di:

“De conformidade coa cláusula 9 do prego de cláusulas administrativas particulares, e epígrafe 6 do Cadro de Características do contrato, a duración do contrato será dun ano desde a súa formalización, podendo prorrogarse anualmente, e de forma sucesiva, durante catro anos máis, sempre que as súas características permanezan inalterables durante o período de duración destas. A prórroga acordarase polo

órgano de contratación e será obrigatoria para o empresario, sempre que o seu aviso previo se produza polo menos con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato. En ningún caso poderá producirse a prórroga polo consentimento tácito das partes. A prórroga do contrato establecida neste apartado non será obrigatoria para o contratista nos casos en que no contrato se dea a causa de resolución establecida no artigo 198.6 por demorarse a Administración no abono do prezo máis de seis meses”.

Visto que por Resolución da Alcaldía núm. 776/2024, do 21 de xuño, acordouse prorrogar por un ano máis o contrato, ata o 21.08.2025.

Visto o informe emitido polo enxeñeiro técnico industrial municipal, responsable do contrato, de data 6 de maio de 2025 (CVD: duAjvrJdfrcfftJpMI+e) no que, entre outras cousas se sinala:

“ (...)

Informe:

*Considerando que a empresa **Jose Carlos Mallo Ares**, estivo realizando adecuadamente dende o punto de vista técnico (salvo vicio oculto) o servizo de limpeza, roza e desherbado mecánico e/ou manual das vías de titularidade municipal e leiras no Concello de Cambre na anualidade 2024 (1º prorroga), ata o momento da emisión deste informe, valórase favorablemente a procedencia de prorrogar o contrato do servizo con ref. 2023/C004/000007, de conformidade co establecido na cláusula 9 e o epígrafe 6 do cadro de características do prego de cláusulas administrativas particulares que rexen o contrato formalizado con data 21/08/2023, actualmente prorrogado ata o 21/08/2025 por Resolución da Alcaldía núm. 776/2024, do 21 de xuño.*

O que se informa para os efectos oportunos.

(...)”.

Visto o informe da secretaria xeral de data 15 de maio de 2025, (CVD: 5QnGhbV4A+Ha2+ZhNoYC), de carácter desfavorable, no que, entre outras cousas se sinala:

«(...)

CUESTIÓN PREVIA- CONDICIONAMENTOS

Con carácter previo ao que logo se dirá, déixase constancia do escaso tempo hábil de que dispuxo a que subscribe para examinar o asunto, motivado pola escaseza de persoal no servizo, a ausencia da técnica que tramita os expedientes de contratación, vacancia doutro posto de técnico de xestión de Administración xeral, a necesidade de atender ao despacho doutros asuntos, e a sobrecarga de traballo excesiva que soporta esta Secretaría, o que impide facer unhas consideracións máis axeitadas, polo que o presente informe emítese coas cautelas que se derivan deste feito e referirase exclusivamente a aspectos básicos do expediente polo que, de ser preciso, poderá ser ampliado.

ANTECEDENTES

Os que figuran no expediente TEDEC 2023/C004/000007, entre os que hai que salientar o informe do enxeñeiro técnico industrial, responsable do contrato, asinado o día 06.05.2025 (CVD: duAjvrJdfrcfftJpMI+e) que, entre outras cousas, di:

“(...)

Considerando que a empresa **Jose Carlos Mallo Ares**, estivo realizando adecuadamente dende o punto de vista técnico (salvo vicio oculto) o servizo de limpeza, roza e desherbado mecánico e/ou manual das vías de titularidade municipal e leiras no Concello de Cambre na anualidade 2024 (1º prorroga), ata o momento da emisión deste informe, valórase favorablemente a procedencia de prorrogar o contrato do servizo con ref. 2023/C004/000007, de conformidade co establecido na cláusula 9 e o epígrafe 6 do cadro de características do prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o contrato formalizado con data 21/08/2023, actualmente prorrogado ata o 21/08/2025 por Resolución da Alcaldía núm. 776/2024, do 21 de xuño.
(...)"

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Primeira.- Normativa aplicable.

Para a emisión deste informe cómpre ter en conta a seguinte normativa:

- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real decreto legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixente en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2017/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Real decreto 817/2009, de data 8 de maio, polo que desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro de 2007.
Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, que aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das
- Administracións Públicas (RXLCAP).
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG).

Segunda.- Reitérase o exposto no informe desfavorable á adxudicación deste servizo emitido pola técnica de xestión de Administración xeral coa conformidade da que subscribe , o día 07.07.2023 (CVD: uUX7NLzB4NKyoVkPplra) que, entre outras cousas, di:

"(...)

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Primeira.- Normativa aplicable.

(...)

Segundo.- Con carácter previo á aprobación deste expediente, a técnica que subscribe xa emitiu informe desfavorable con data do 17.03.2023, coa conformidade da secretaria xeral (CVD: Qf35mFvcO0t/1NYJQ+1G), en base aos argumentos expostos na súa consideración xurídica sexta, nos que me ratifico:

"(...) Sexta.- Prego de cláusulas administrativas particulares

O artigo 67 do RXLCAP establece o contido mínimo dos pregos de cláusulas administrativas particulares. Consta no expediente prego de cláusulas administrativas particulares (CVD: +NT2eW0Xq/P3zW8aVqps), en relación ao cal se formulan as seguintes observacións:

- Respecto da non división en lotes, a xuízo da técnica que subscribe, non se xustifica debidamente no expediente, polos motivos que se indicaron no informe emitido con data do 02.03.2023 (CVD: Hbkx0o86zv0t+2zzTXFz).

- Respecto dos criterios de adjudicación aplicables, constan no PCAP examinado os seguintes:

1. “Criterios de adjudicación.

1.1. Criterios evaluables mediante juicio de valor:

Calidad ambiental de la flota de vehículos (hasta 10 puntos).

Se valorarán los siguientes vehículos principales dentro de la flota de vehículos asignada a la ejecución del contrato que tenga menores emisiones de gases contaminantes según la clasificación de la Dirección General de Tráfico (DGT), de acuerdo a la Orden PCI/810/2018, de 27 de julio, por la que se modifican los anexos II, XI y XVIII del Reglamento General de Vehículos, aprobado por Real Decreto 2822/1998, de 23 de diciembre:

- 5 Tractores forestales, de potencia igual o superior a 80 CV
- 1 vehículo traslado de personal

A cada vehículo se le asignará el coeficiente correspondiente según su clase DGT,

Clase vehículo DGT	Coeficiente
Vehículos Clase CERO	10
Vehículos Clase ECO	8
Vehículos clase C	4
Vehículos clase B	2
Vehículos clase A	0

y se aplicará la siguiente fórmula para establecer la puntuación de cada oferta:

$$\text{Puntuación oferta} = (\sum \text{nº vehículos} \times \text{coeficiente clase DGT}) / \text{nº vehículos total}$$

Para ello se deberá presentar la siguiente tabla debidamente cumplimentada con todos los vehículos principales asignados al presente contrato y la documentación correspondiente de dichos vehículos acorde a la clasificación de la Dirección General de Tráfico (DGT), en concordancia con la información facilitada:

Vehículo	Marca	Modelo	Matrícula	Combustible	Clase DGT
Tractor 1					
Tractor 2					
Tractor 3					
Tractor 4					
Tractor 5					
Vehículo traslado de personal					

1.2. Criterios evaluables de forma automática mediante fórmulas (hasta 90 puntos):

El porcentaje de descuento será único e igual para todos los precios unitarios considerados en el Pliego de Prescripciones Técnicas Particulares (artículo 21. Precio estimado).

Se otorgarán 90 puntos a la mejor oferta (% de descuento más bajo ofertado) y proporcionalmente al resto, de acuerdo a una regla de tres:

- 0 puntos: 0% de descuento
- 90 puntos: Mayor porcentaje de descuento aplicado

$$P = 90 \cdot (PDL / PDMA)$$

donde:

- P = Puntuación
- PDL = Porcentaje Descuento Licitador
- PDMA = Porcentaje Descuento Más Alto

Segundo o artigo 145.5.a) da LCSP, os criterios de adxudicación “en todo caso estarán vinculados al objeto del contrato, en el sentido expresado en el apartado siguiente de este artículo”.

E o apartado 6 do dito artigo establece:

“Se considerará que un criterio de adjudicación está vinculado al objeto del contrato cuando se refiera o integre las prestaciones que deban realizarse en virtud de dicho contrato, en cualquiera de sus aspectos y en cualquier etapa de su ciclo de vida, incluidos los factores que intervienen en los siguientes procesos:

a) en el proceso específico de producción, prestación o comercialización de, en su caso, las obras, los suministros o los servicios, con especial referencia a formas de producción, prestación o comercialización medioambiental y socialmente sostenibles y justas;

b) o en el proceso específico de otra etapa de su ciclo de vida, incluso cuando dichos factores no formen parte de su sustancia material”.

Debe terse en conta que a finalidade dos criterios de adxudicación é determinar qué oferta satisface mellor as necesidades da entidade adxudicadora. A súa función é, polo tanto, avaliar a calidade intrínseca das ofertas, o cal supón- dato de especial relevancia- que deben ter relación directa co obxecto do contrato.

Isto é, polo mero feito de que un criterio teña efectos sobre o medio ambiente, a mellora das condicións laborais, etc, non significa que sexa un criterio axustado a dereito, xa que, para que sexa válido, devandito criterio debe responder a como repercute o criterio de adxudicación proposto no obxecto do contrato e como garante unha mellor relación calidade-prezo na prestación.

Así, a Resolución del TARC número 409/2020, de 19 de marzo de 2020 (EDD 2020/11398), argumenta que:

“...con cada criterio se ha de medir el rendimiento de cada oferta respecto del objeto del contrato, objeto que se concreta en las obras, suministros y servicios a contratar para satisfacer sus necesidades, es decir, el objeto contractual en sentido estricto, que lo es la prestación concreta objeto del contrato, la obra, el suministro o el servicio a contratar, tal como se define en las especificaciones técnicas. De lo anterior se deduce que solo son admisibles los criterios de adjudicación, incluidos los sociales y medioambientales, que sean objetivos (por recaer sobre el objeto a valorar y depender de factores comprobables apreciables), que permitan evaluar el rendimiento de cada oferta respecto del objeto del contrato, las obras, los suministros y los servicios, tal y como estén definidos en el PPT, y obtener los que mejor respondan a sus necesidades.

Por otra parte, ha de ponerse de relieve que la Directiva 2014/24 (EDL 2014/35497) no ignora que los factores que intervienen en la producción de la obra, el suministro o el servicio se integran en el objeto del

contrato en sentido amplio, comprensivo de los factores que intervienen en cualquier fase del ciclo de vida de la prestación; pero ello no altera que la vinculación del criterio de adjudicación con el objeto del contrato, aunque sea a través de alguno de los factores que interviene en la realización de la concreta prestación a contratar, ha de permitir siempre evaluar comparativamente el rendimiento de las ofertas sobre el contrato, y más en concreto, sobre la obra, el suministro o el servicio. Es decir, la prestación contractual. Lo anterior resulta confirmado por el Considerando 94 de la Directiva 2014/24 (EDL 2014/35497), que determina que: (94) "Siempre que la calidad del personal empleado sea pertinente para el nivel de rendimiento del contrato, los poderes adjudicadores deben estar también autorizados a utilizar como criterio de adjudicación la organización, la cualificación y la experiencia del personal encargado de ejecutar el contrato, ya que pueden afectar a la calidad de dicha ejecución y, en consecuencia, al valor económico de la oferta".

No suposto examinado, a xuízo da técnica que subscribe, non se xustifica debidamente a relación do criterio relativo á Calidade ambiental de la flota de vehículos (criterio evaluable mediante un xuízo de valor) co obxecto do contrato polo que, tal e como se configura este criterio de adxudicación non se considera axustado á legalidade.

- Respecto do cálculo da baixa temeraria, segundo a cláusula 14.4.2 do PCAP, "a efectos de determinar la posible existencia de ofertas anormalmente bajas, el técnico que corresponda de la sección de obras y servicios calculará el posible importe anual que resulte de los precios unitarios ofertados por cada licitador, en base a las mediciones estimadas en cada una de las unidades que constan en el pliego de prescripciones técnicas particulares, y sobre dicho importe anual se efectuarán los cálculos correspondientes para la determinación de posibles ofertas anormalmente bajas".

Non se ten en conta para o cálculo da baixa temeraria o criterio relativo á calidade ambiental dos vehículos, o que implica que non se establecen os parámetros obxectivos que permiten identificar se a oferta, considerada no seu conxunto, resulta anormalmente baixa, polo que, a xuízo da técnica que subscribe, infrinxese o disposto no artigo 149.2.b) da LCSP.

(...)"

Terceiro: Durante a fase da apertura e valoración dos criterios sometidos a xuízos de valor, o enxeñeiro de camiños, xefe da sección de servizos, emitiu informe con data do 05.05.2023 (CVD: iKYQ7r862xnuY/lhxQeq) no que dicía:

"(...) Se comprueba que no se corresponde lo aportado con lo comprobado en la página web de la DGT, por lo que se da traslado a la mesa de contratación para que acuerde la posible subsanación antes de proceder a la emisión del informe de valoración.

Conclusión:

Se propone dar traslado a la mesa de contratación para que acuerde la posible subsanación por la empresa Jose Carlos Mallo Ares antes de proceder a la emisión del informe de valoración.

(...)"

Á vista deste informe, a mesa de contratación, en sesión de data 11.05.2023 (acta con CVD: iKYQ7r862xnuY/lhxQeq) acordou:

"Único.- Que por el Ingeniero de Caminos municipal-Jefe de la Sección de Servicios se formule consulta a la Dirección General de Tráfico sobre si resulta de aplicación a los tractores forestales la clasificación de la DGT, de acuerdo a la Orden PCI/810/2018, de 27 de julio, por la que se modifican los anexos II, XI y XVIII del Reglamento General de Vehículos, aprobado por Real Decreto 2822/1998, de 23 de diciembre, a que hace referencia el criterio evaluable mediante juicio de valor "Calidad ambiental de la flota de vehículos", establecido en la cláusula 12.1 del PCAP".

Segundo consta na acta da mesa de contratación celebrada con data do 15.05.2023 (acta con CVD: cMQUuyttsOibONrPJczx), recibíuse contestación do Servizo de Asuntos Administrativos da Xefatura Provincial de Tráfico da Coruña mediante correo electrónico de data 12.05.2023, que transcrita di:

“Buenos días.

En respuesta a su consulta le informamos que la obtención de distintivo ambiental requiere que el vehículo pertenezca a alguna de las siguientes categorías UE (epígrafe J de la ficha ITV): L, M1, M2, M3, N1, N2 y N3. En consecuencia, un tractor para desbroces de vegetación en la vía pública no pertenece a ninguna de las categorías requeridas por lo que no es susceptible de obtener distintivo ambiental.

Todos los vehículos matriculados en el Registro de Vehículos se clasifican por su potencial contaminante, según lo dispuesto en el epígrafe E del Anexo II del Reglamento General de Vehículos, aprobado por Real Decreto Real 2822/1998, de 23 de diciembre. En base a dicha clasificación se establecen cuatro distintivos ambientales para diferenciar a los vehículos que constituyen el parque más eficiente. El resto de los vehículos, el 50% más contaminante, no tiene derecho a ningún tipo de distintivo al no cumplir los requisitos para ser etiquetado como vehículo limpio.

Dispone de información sobre los distintivos ambientales en el siguiente enlace:

<https://sede.dgt.gob.es/es/vehiculos/distintivo-ambiental/>

Saludos.”

Segundo consta también en la dita acta de 12.05.2023, á vista da contestación recibida, logo do correspondente debate, conclúese o seguinte:

“(…)

- Por parte de la Técnica de Gestión de Administración General, D.^a Verónica María Otero López, y de la Secretaria General, D.^a Pilar María Pastor Novo, a la vista de la contestación recibida, manifiestan que el criterio incluido en los pliegos relativo a la calidad ambiental de la flota de vehículos no resulta aplicable a los tractores, por lo que consideran que dicho criterio es nulo y que tal circunstancia determina la imposibilidad de continuar el procedimiento, tal y como se recoge, entre otras, en la Resolución 13/2017, de 9 de febrero, del Tribunal Administrativo de Recursos Contractuales de Castilla y León.

Ambas vocales manifiestan su voto a favor del desistimiento del procedimiento, ello según lo dispuesto en el artículo 152.4 de la Ley 9/2017, de 8 de noviembre, de contratos del sector público, al considerar este hecho una infracción no subsanable de las normas de preparación del contrato.

- Por parte de la Concejala delegada del Área de Economía, Hacienda y Recursos Humanos, D.^a María Dolores Pan Lesta, y del Ingeniero de Caminos, Canales y Puertos Municipal – Jefe de la Sección de Servicios, D. Óscar Souto Muíño, se propone continuar el procedimiento al considerar que el criterio no es nulo, ya que aunque no se pueda aplicar a los tractores, sí resulta aplicable al otro vehículo ofertado, por lo que sí es posible valorar, estando ambos licitadores en igualdad de condiciones*.

- Por parte del Interventor municipal, D. Francisco Javier Ulloa Arias, se manifiesta que teniendo en cuenta que el licitador “José Carlos Mallo Ares” declara en su Anexo III, incluido en el Sobre B, que todos los vehículos adscritos al servicio cuentan con una clasificación acorde con la DGT, antes de tomar una decisión sobre la continuación del procedimiento lo que procede es otorgar un plazo de subsanación a dicho licitador, a fin de que aclare la oferta presentada y aporte la documentación acreditativa.

Vistas las posturas manifestadas por los miembros de la Mesa de Contratación, la Presidencia somete a votación la propuesta del Interventor municipal consistente en otorgar al licitador “José Carlos Mallo Ares” un plazo de 3 días naturales para subsanación de la oferta incluida en el Sobre B obteniéndose el siguiente resultado:

Votos a favor: Tres (3), de los/a Sres./a: Pan Lesta, Ulloa Arias y Souto Muíño.

Votos en contra: Dos (2), de las Sras.: Pastor Novo, Otero López.

A la vista de lo expuesto, la Mesa de Contratación, por tres votos a favor, **ACUERDA:**

Único.- Otorgar al licitador “José Carlos Mallo Ares” el plazo de 3 días naturales, a contar desde el día siguiente al del envío del correspondiente requerimiento y su publicación simultánea en el Perfil del contratante del Ayuntamiento de Cambre, para que subsane su oferta incluida en el sobre B: “Documentación cuya ponderación depende de un juicio de valor”, mediante la aportación a través de la Plataforma de Contratación del Sector Público de la siguiente documentación:

- Documentación acorde a la clasificación de la DGT (**Clase DGT: C**) declarada en el Anexo II para los 5 tractores forestales asignados al presente contrato.

(...). ”

Segundo consta na acta da mesa de contratación celebrada con data do 19.05.2023 (CVD: XEwYQ140KJpLbczJ3tB0, corrixida en sesión de 23.05.2023 a instancia do enxeñeiro de camiños municipal, xefe da sección de servizos, verbo da súa intervención), en contestación ao dito requirimento, o licitador aportou novamente a táboa segundo o anexo III do PCAP facendo constar que os cinco tractores adscritos ao servizo constan na clase DGT “sen etiqueta”, á vista do cal “... la Presidenta, D.ª María Dolores Pan Lesta, considera que el licitador ha subsanado su oferta correctamente, por lo que procede llevar a cabo la valoración del criterio para los vehículos que han acreditado la correspondiente etiqueta DGT, que en este caso son los vehículos para traslado de personal de ambos licitadores.

La Secretaria General, D.ª Pilar María Pastor Novo, manifiesta que por su parte se ratifica en los argumentos ya esgrimidos en la sesión celebrada el 15 de mayo de 2023. Considera que se trata de un criterio nulo y que, según lo dispuesto en el artículo 152.4 de la Ley 9/2017, de 8 de noviembre, de contratos do sector público, lo que procede es el desistimiento del procedimiento. Concluye diciendo que en caso de que la Mesa acuerde seguir con este procedimiento, a partir de este momento el sentido de su voto será en contra.

D. Óscar Souto Muíño, Ingeniero de Caminos, Canales y Puertos – Jefe de la Sección de Servicios, manifiesta que desde su punto de vista el criterio es correcto, dado que no existe problema para otorgar puntuación tan solo a aquellos vehículos que cumplen el requisito relativo a la calidad ambiental (vehículos de traslado del personal) y no puntuar a los tractores, lo cual no impide que se valoren todas las ofertas presentadas, la descripción del criterio permite la comparación de ofertas de todos los licitadores, ya que se mantiene el mismo juicio valorativo para aplicar este criterio de adjudicación, por lo que su voto es favorable a continuar con el procedimiento.

El Interventor municipal, D. Francisco Javier Ulloa Arias, manifiesta que, a la vista del criterio del técnico municipal, su voto también es favorable a la continuación del procedimiento.

Así pues, en este mismo acto el Ingeniero de Caminos municipal informa que, a la vista de las proposiciones presentadas, y en aplicación de la fórmula que figura en la Cláusula 12.1 del PCAP, la puntuación que corresponde a cada oferta por el criterio evaluable mediante juicio de valor es la siguiente:

LICITADOR	Puntuación criterio juicio de valor
Jardincelas, S.L.	2 puntos
José Carlos Mallo Ares	2 puntos

(...). ”

Como así consta nas actas das mesas de contratación parcialmente transcritas neste informe, a xuízo da técnica que subscribe, o criterio sometido a xuízo de valor relativo á calidade ambiental da flota de vehículos

non resulta aplicable aos tractores, polo que se considera que dito criterio é nulo por ter un contido imposible (artigo 47.1.d) da LPACAP) e que tal circunstancia determina a imposibilidade de continuar o procedemento, tal e como se recolle, entre outras, na Resolución 13/2017, de 9 de febreiro, do Tribunal Administrativo de Recursos Contractuales de Castilla y León que, entre outras cousas, di:

“(…) No pueden, por tanto, acogerse para este supuesto los argumentos del órgano de contratación para acordar la continuación del procedimiento de licitación, relativos a la existencia de interés público en la prestación del servicio y a la incidencia mínima del criterio anulado en la adjudicación del contrato, al tener una ponderación inferior al 5 % sobre la puntuación total. Este Tribunal es consciente de la trascendencia e interés público del servicio de hemodiálisis, pero ello no obsta para que la adjudicación del contrato para prestar tal servicio deba tramitarse conforme al procedimiento establecido y de acuerdo con la normativa y jurisprudencia comunitaria.

En este caso, si bien es cierto que la puntuación otorgada al criterio anulado era de 5 puntos sobre un total de 103 puntos atribuidos a los criterios evaluables mediante fórmulas (a los criterios dependientes de un juicio de valor se les atribuye un máximo de 12 puntos), también lo es que el inicial establecimiento en los pliegos de aquel criterio de valoración podría haber disuadido a algunas empresas a participar en la licitación, e incluso la tenencia del certificado de calidad referenciado, con la segura obtención de los 5 puntos, podría haber condicionado la elaboración de las ofertas. Tal circunstancia determina la imposibilidad de continuar el procedimiento y la retroacción del procedimiento al momento de redacción de los pliegos. A la misma conclusión han llegado otros tribunales de recursos, como el Órgano Administrativo de Recursos Contractuales del País Vasco, que en la Resolución 92/2013 señaló que “la ponderación atribuida al criterio declarado nulo (2 puntos) es superior al margen que ha separado la oferta del recurrente de la del adjudicatario (0,34 puntos), de modo que es evidente que una configuración distinta del criterio y su consiguiente aplicación podía haber resultado en un adjudicatario diferente. Sin embargo, la nulidad habría existido también aunque no se hubiera dado esta circunstancia, y ello porque se desconoce cuántas habrían sido las ofertas y con qué contenido si, desde un primer momento, el subcriterio anulado no se hubiera incluido en el procedimiento.

(…)”.

(…)

CONCLUSIÓN:

*En atención ao exposto nas consideracións xurídicas segunda e terceira deste informe, **infórmase desfavorablemente** a adxudicación do servizo de desbroce de carreteras, camiños e fincas do Concello de Cambre.*

(…)”.

Polo exposto, sendo que, a xuízo desta secretaría, non procedía a adxudicación deste servizo, infórmase desfavorablemente a súa prórroga.

Terceira: *Se ben o criterio desfavorable da que subscribe quedou exposto, de ser outro o criterio do órgano de contratación, faise constar que o contrato deste servizo formalizouse o día 21.08.2023 (CVD: 7XaXTi7b3l4SzoSiQkxC) e a súa cláusula cuarta di:*

“De conformidade coa cláusula 9 do prego de cláusulas administrativas particulares, e epígrafe 6 do Cadro de Características do contrato, a duración do contrato será dun ano desde a súa formalización, podendo prorrogarse anualmente, e de forma sucesiva, durante catro anos máis, sempre que as súas características permanezan inalterables durante o período de duración destas. A prórroga acordarase polo órgano de contratación e será obrigatoria para o empresario, sempre que o seu aviso previo se produza polo menos con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato. En ningún caso poderá producirse a prórroga polo consentimento tácito das partes. A prórroga do contrato establecida

neste apartado non será obrigatoria para o contratista nos casos en que no contrato se dea a causa de resolución establecida no artigo 198.6 por demorarse a Administración no abono do prezo máis de seis meses".

E por Resolución da Alcaldía de data 21 de xuño de 2016 acordouse prorrogar por un ano máis, ata o 21.08.2025 o contrato, condicionanado á prórrga á efectiva consignación orzamentaria axeitada e suficiente no orzamento xeral do exercicio 2025.

Polo que, de acordarse a prórroga durante a vixencia desta contratación, dariase cumprimento ao establecido na normativa vixente respecto dos termos e prazos. De acordarse con dous meses de antelación á expiración do prazo, a prórroga sería obrigatoria para o contratista.

Igualmente, faise constar que debe incorporarse ao expediente o preceptivo informe de fiscalización emitido pola Intervención municipal.

CONCLUSIÓN

*En atención ao exposto na consideración xurídica segunda, **infórmase desfavorablemente** a prórroga do contrato do "Servizo de limpeza, roza e desherbado mecánico e/ou manual de vías de titularidade municipal e leiras no Concello de Cambre" (expediente TEdC núm. 2023/C004/000007).*

É o que expoño neste informe coas cautelas e condicionamentos que se dereivan do sinalado na cuestión previa, e que someto a calquera outro mellor fundamentado en dereito.

(...))»

Visto o **INFORME INTERVENCIÓN REFERENCIA LMR 2ª PRORROGA SERVIZO DE LIMPEZA, ROZA E DESHERBADO MECÁNICO E/OU MANUAL DE VÍAS DE TITULARIDADE MUNICIPAL E LEIRAS NO CONCELLO DE CAMBRE / 2025** emitido pola interventora municipal con data de 23 de maio 2025, (CVD: OcqrdbfCcfaULj0il7el), no que, entre outras cousas se sinala:

"(...)

D. RESULTADO DE LA FISCALIZACIÓN PREVIA (art.219.2 TRLRHL)

[X] Fiscalizado desfavorablemente :

- **X*.A:** con carácter previo ao acordo de prórroga, o responsable do contrato deberá valorar motivadamente e comunicar ao órgano de contratación se o importe de 83.740,00 € é suficiente para asumir o gasto correspondente á prórroga das mensualidades a imputar ao exercicio 2025.
- **X*.B:** O informe emitido por esta intervención o 10.07.2023 (CVD: qUf8brcgastiUFHMPgT) con referencia LMR DESBROCES FASE D/2023 en relación á fiscalización da fase de adxudicación **foi desfavorable polos seguintes motivos:**
 - <<**X*.B:** o resultado da fiscalización da fase A (informe referencia JUA 96/2023, de 20 de marzo (CVD: j5sJTPBB4TKLcm6QM9F3)) foi, á vista do informe da técnico de xestión de Administración Xeral có conforme da secretaria municipal (CVD: Qf35mFvcO0t1NYJQ+1G), desfavorable sen efectos suspensivos aínda que coa recomendación que o departamento de tramitación do

expediente enmiende os reparos (ou inste a emenda ao técnico) antes de sometelo a aprobación. Recórdase que, ao abeiro do artigo 145.6 da LCSP, considerárase que un criterio de adxudicación medioambiental está vinculado ao obxecto do contrato cando se refira ou integre as prestacións que deban realizarse en virtude do devandito contrato, en calquera dos seus aspectos e en calquera etapa do seu ciclo de vida, incluídos os factores que interveñen no proceso específico de produción, prestación ou comercialización ou no proceso específico doutra etapa do seu ciclo de vida. Non consta no expediente que a recomendación de enmenda efectuada polo interventor municipal fose atendida.

Por outra banda consta no expediente contestación da DGT á consulta formulada polo Ingeniero de Caminos municipal-Jefe de la Sección de Servicios na que se detalla que “En consecuencia, un tractor para desbroces de vegetación en la vía pública no pertence a ninguna de las categorías requeridas por lo que no es susceptible de obtener distintivo ambiental”. Resulta polo tanto que o criterio de adxudicación suxeito a xuício de valor Calidad ambiental de la flota de vehículos (hasta 10 puntos) non pode ser aplicado por ter un contenido imposible así, seguindo o criterio do TARCYL (Tribunal Administrativo de Recursos Contractuales de Castilla y León) na Resolución 13/2017, de 9 de febreiro: “(...)En este caso, si bien es cierto que la puntuación otorgada al criterio anulado era de 5 puntos sobre un total de 103 puntos atribuidos a los criterios evaluables mediante fórmulas (a los criterios dependientes de un juicio de valor se les atribuye un máximo de 12 puntos), también lo es que el inicial establecimiento en los pliegos de aquel criterio de valoración podría haber disuadido a algunas empresas a participar en la licitación, e incluso la tenencia del certificado de calidad referenciado, con la segura obtención de los 5 puntos, podría haber condicionado la elaboración de las ofertas. Tal circunstancia determina la imposibilidad de continuar el procedimiento y la retroacción del procedimiento al momento de redacción de los pliegos(...)”.

En consecuencia, a non subsanación dos aspectos advertidos polo interventor municipal e o feito da imposibilidade de cumprimento do criterio de adxudicación suxeito a xuício de valor Calidad ambiental de la flota de vehículos (hasta 10 puntos) xustifican que esta intervención emita un reparo suspensivo por aplicación do artigo 216.2.c) do TRLFL á adxudicación do contrato de servizo de limpeza, roza e desherbado mecánico e/ou manual de vías de titularidade municipal e leiras no concello. EXPEDIENTE: 2023/C004/000007

***X*.C:** na acta mesa de contratación de 05.07.2023 consta que a Técnica de Xestión de Administración Xeral, D.^a Verónica María Otero López, informa verbalmente o resto de membros da Mesa de Contratación que existiu un erro na comprobación da solvencia económica e financeira polo que se acorda requirir ao licitador para que no prazo de 3 días naturais presente Libros de inventarios e contas anuais legalizados polo Rexistro Mercantil nos que conste o volume anual de negocios, referido ao mellor exercicio dentro dos tres últimos concluídos disponibles. O 07.07.2023 incorporouse ao expediente documentación achegada polo licitador proposto respecto*

da cal non consta comprobación.>>

- **X*.C:** o informe asinado o 06.05.2025 polo responsable do contrato (CVD: duAjvrJdfrcfftJpMI+e) indica que:

“(...)Considerando que a empresa Jose Carlos Mallo Ares, estivo realizando adecuadamente dende o punto de vista técnico (salvo vicio oculto) o servizo de limpeza, roza e desherbado mecánico e/ou manual das vías de titularidade municipal e leiras no Concello de Cambre na anualidade 2024 (1º prorroga), ata o momento da emisión deste informe, valórase favorablemente a procedencia de prorrogar o contrato do servizo (...)

Nembargantes debo **advertir** do seguinte:

- o O citado informe non se pronuncia expresamente respecto do cumprimento por parte de "JOSÉ CARLOS MALLO ARES" das cláusulas 19, 20 e 21 dos PCA que rexeron a contratación. Tampouco os informes que acompañaron as facturas emitidas ata o momento analizaban dito cumprimento motivo polo cal esta intervención emitiu reparo suspensivo por aplicación do artigo 216.2.c) do TRLFL.
- o Respecto das facturas que, ata o de agora, foron presentadas polo contratista, o responsable do contrato informou o seguinte, o cal, fundamentou a emisión de reparo suspensivo por aplicación do artigo 216.2.d) do TRLFL:

“(...)A sinatura nesta factura realízase por imperativo legal, como acto debido que posibilita a continuidade da tramitación do expediente administrativo, e ten como único fin confirmar a verificación técnica dos traballos realizados, sen que iso implique conformidade nin aprobación financeira do gasto, cuxa competencia corresponde exclusivamente aos órganos facultados.(...)”

- **X*.D:** o informe de secretaría asinado o 15.05.2025 (CVD: 5QnGhbV4A+Ha2+ZhNoYC) é desfavorable.

Advirto por escrito que non consta no expediente copia do recibo que confirme que “JOSÉ CARLOS MALLO ARES” atópase ao corrente do pago dos seguros esixidos pola cláusula 23 PCA:

“23. Seguros.

Se exigirá la suscripción de las oportunas pólizas de seguros, que deberán cumplir con los siguientes requisitos:

1.- Seguro de Responsabilidad Civil con entidad aseguradora legalmente autorizada, con el objeto de cubrir las obligaciones derivadas del objeto del contrato. Dicho seguro de Responsabilidad Civil deberá tener un límite de indemnización no inferior a 300.000 euros por siniestro y año para cubrir los daños materiales y/o personales y perjuicios consecuenciales ocasionados a terceros.

Las garantías mínimas exigidas de Responsabilidad Civil serán:

- *RCivil Explotación – incluyendo la garantía de la RCivil Subsidiaria en el caso de que se subcontrate algún tipo de trabajo o gestión relacionada con el objeto del contrato.*
- *RCivil Patronal – con un sublímite por víctima nunca inferior a 300.000 €*
- *R Civil por Agrupaciones de Trabajo (U.T.E.) (si es el caso)*
- *Defensa jurídica y Fianzas. 2. Seguro de responsabilidad civil obligatorio y voluntario de los vehículos utilizados en la realización de los trabajos, así como cualquier otro seguro de contratación obrigatoria conforme a la legislación vigente durante el período de duración del contrato. (.../...)"*

(...)"

Tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución número 391/2025, do 30 de abril, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro: Prórrogar por un ano máis, ata o 21.08.2026, o contrato do servizo de “Roza e desherbado mecánico e/ou manual de vías de titularidade municipal e leiras do Concello de Cambre”, expediente núm. 2023/C004/000007.

Segundo: Notificar o presente acordo ao adxudicatario, facéndolle saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, este acordo pon fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderán recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalos directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/125 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.

Terceiro: Dar traslado por medio da plataforma TEdEC, ao responsable do contrato e á Intervención municipal, para a súa constancia e para os efectos oportunos”.

Non producíndose intervencións a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta do concelleiro delegado da Área de Economía, Facenda, Contratación, Réxime Interior e Desenvolvemento Económico de data 30 de maio de 2025 (CVD: 507PsSmEQs9w+66grc6z), resultando aprobada por unanimidade, polo que devén en acordo nos termos anteriormente transcritos.

3.2. PROPOSTA RELATIVA Á DECLARACIÓN DE DESERTO DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA OBRA DENOMINADA "REFORMA INTEGRAL DE LA PLAZA FERNANDO BUESA - EL TEMPLE". EXPEDIENTE NÚM. 2023/C003/000013

A Presidencia somete a debate e consideración da Xunta de Goberno Local a proposta do concelleiro delegado da Área de Economía, Facenda, Contratación, Réxime Interior e Desenvolvemento Económico de data 30 de maio de 2025 (CVD: xfPkpKopthP5W3VP8Nuu), que transcrita di:

"PROPOSTA DO CONCELLEIRO DELEGADO DA ÁREA DE ECONOMÍA, FACENDA, CONTRATACIÓN, RÉXIME INTERIOR E DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO

Por acordo da Xunta de Goberno Local adoptado en sesión de data 12 de decembro de 2023 aprobouse o expediente de contratación núm. 2023/C003/000013 para a contratación da obra denominada "*Reforma integral de la plaza Fernando Buesa –El Temple*", obra incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de Concellos) "POS+ Adicional 2/2021"

Visto que a Mesa de contratación, en sesión celebrada o 29 de outubro de 2024, adoptou, por catro votos a prol, o acordo de excluír do procedemento de contratación ao único licitador presentado, "Jardinería Arce, S.L.", por exceder a súa oferta o prazo de execución fixado no prego de cláusulas administrativas.

Visto que por Resolución da Alcaldía núm. 104/2025, do 7 de febreiro de 2025, acordouse estimar parcialmente o recurso de alzada interposto por "Jardinería Arce S.L." contra o acordo de exclusión adoptado pola Mesa de Contratación o 29 de outubro de 2024, anulando o dito acordo de exclusión, e retrotraendo o expediente de contratación de xeito que se procedera a convocar a mesa de contratación co fin de valorar os factores de adxudicación non avaliábles de forma automática da proposta de "Jardinería Arce, S.L." de acordo co informe emitido polo enxeñeiro técnico de obras públicas interino de data 30 de abril de 2024, e continuar así co procedemento para adxudicación da obra.

Visto que, unha vez continuado o procedemento, a Mesa de Contratación, en sesión de data 28 de abril de 2025, por unanimidade dos presentes propuxo a exclusión de "Jardinería Arce, S.L." do procedemento de contratación da obra, ao non ter xustificado a empresa adecuadamente a súa oferta incurso inicialmente en presunción de ser anormalmente baixa, isto de acordo co informe emitido polo enxeñeiro técnico de obras públicas interino en data 22 de abril de 2025 (CVD: da6SsJy8ogdDoXvoz4WV).

Visto canto antecede, e vista a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución número 391/2025, do 30 de abril, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro.- Excluír a "Jardinería Arce, S.L." do procedemento de contratación da obra de "*Reforma integral de la plaza Fernando Buesa –El Temple*", ao non ter xustificado a empresa adecuadamente a súa oferta incurso inicialmente en presunción de ser anormalmente baixa, isto de acordo co informe emitido polo enxeñeiro técnico de obras públicas interino con data 22 de abril de 2025 (CVD: da6SsJy8ogdDoXvoz4WV).

Segundo.- Declarar deserto o expediente de contratación da obra denominada “*Reforma integral de la plaza Fernando Buesa –El Temple*”, obra incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de Concellos) “POS+ Adicional 2/2021”, expediente núm. 2023/C003/000013, conforme co establecido no artigo 150.3 in fine, e concordantes, da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP).

Terceiro.- Notificar a “Jardinería Arce, S.L.”, e dar traslado deste acordo, a través da plataforma TEDeC, ao departamento de Obras e Servizos e ao departamento de Intervención para o seu coñecemento e para os efectos oportunos.

Cuarto.- Publicar este acordo no correspondente anuncio no Perfil do Contratante do Concello de Cambre, integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público do Estado, de conformidade co establecido no artigo 63 da LCSP.

De conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, este acordo pon fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderá recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalo directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentarse ante a señora alcaldesa [artigo 124 da Lei 39/2015 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local].

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentarse perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que se poida exercer, de ser o caso, calquera outro recurso que se estime procedente”.

Non producíndose intervencións a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta do concelleiro delegado da Área de Economía, Facenda, Contratación, Réxime Interior e Desenvolvemento Económico de data 30 de maio de 2025 (CVD: xfPkpkopthP5W3VP8Nuu), resultando aprobada por unanimidade, polo que devén en acordo nos termos anteriormente transcritos.

3.3. PROPOSTA RELATIVA Á CONTRATACIÓN DO “SERVIZO DE ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO DOS CAMPAMENTOS URBANOS DO CONCELLO DE CAMBRE NOS PERÍODOS VACACIONAIS”.

A Presidencia somete a debate e consideración da Xunta de Goberno Local a proposta do concelleiro delegado da Área de Economía, Facenda, Contratación, Réxime Interior e Desenvolvemento Económico de data 2 de xuño de 2025 (CVD: ccPJaei/axkmJIO/ogZ2), que transcrita di:

“PROPOSTA DO CONCELLEIRO DELEGADO DA ÁREA DE ECONOMÍA, FACENDA, CONTRATACIÓN, RÉXIME INTERIOR E DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO PARA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Visto o procedemento tramitado para á contratación do “Servizo de organización e desenvolvemento dos campamentos urbanos do Concello de Cambre nos períodos vacacionais”, cun orzamento base de

licitación para dous anos de contrato de 270.121,75 € sen IVE, 297.133,93 € IVE incluído, dividido en 2 lotes:

- Lote 1: **Servizo de organización e desenvolvemento do módulo de actividades e dos módulos de complemento educativo**, cun orzamento base de licitación 206.941,15 € sen IVE, 227.635,27 € (IVE incluído).
- Lote 2: **Servicio de catering**, cun orzamento base de licitación (63.180,60 € € sen IVE, 69.498,66 € IVE incluído).

Visto que con data de 26 de agosto de 2024 publicouse o anuncio de licitación na Plataforma de Contratación do Sector Público, e dentro do prazo de presentación de ofertas, presentaron proposición os seguintes licitadores:

Lote 1: Servizo de organización e desenvolvemento do módulo de actividades e dos módulos de complemento educativo

- ACTIVIDADES FORMATIVAS, S.L.
- ASOCIACIÓN INTERVENCIÓN SOCIAL OS ZAGALES
- HEBE SPORT, S.L.
- OSVENTOS INNOVACIÓN EN SERVICIOS, S.L.
- SARARTE, S.L.

Lote 2: Servizo de catering

- JARDANAY, S.L.
- OSVENTOS INNOVACIÓN EN SERVICIOS, S.L.

Vista a acta da mesa de contratación da reunión de data 11 de novembro do 2024, (CVD: BnlxH3Z1SVsKoo3FiX9n) na que consta, que o dito órgano acordou:

Lote 1: excluír aos licitadores “Asociación Intervención Social Os Zagales”, “Osventos Innovación en Servicios, S.L.” e “Sararte, S.L.” da licitación do Lote 1 “Servizo de organización e desenvolvemento do módulo de actividades e dos módulos de complemento educativo”, ao non cumprir as súas ofertas co esixido e a Cláusula 12 do PCAP, e sen que devanditos licitadores emendasen correctamente as súas ofertas no prazo outorgado para o efecto e outorgou a seguinte puntuación total aos 2 licitadores que continúan na licitación, por orden decreciente de clasificación, sen que ningunha das dúas ofertas atópese en presunción de resultar anormalmente baixa:

Orden	Empresa	Puntuación total
1º	Hebe Sport, S.L.	100
2º	Actividades Formativas, S.L.	71,79

Lote 2: outorgar a seguinte puntuación aos licitadores admitidos ao Lote 2 “Servizo de cátering”, por orde decrecente de clasificación, sen que ningunha das ofertas estea incurso en presunción de resultar anormalmente baixa:

Orden	Empresa	Puntuación total
1º	Osventos Innovación en Servizos, S.L.	100
2º	Jardanay, S.L.	68,08

Visto que na referida reunión, a mesa de contratación, acordou por dous votos a favor e dous en contra, co voto de calidade do Sr. Presidente, realizar proposta de adxudicación dos Lotes 1 e 2:

Lote nº 1 “Servizo de organización e desenvolvemento do módulo de actividades e dos módulos de complemento educativo”, do contrato de “Organización e desenvolvemento de campamentos urbanos do Concello de Cambre nos períodos vacacionais”, a favor do licitador “Hebe Sport, S.L.”, e requerirle para que, no prazo de 10 días hábiles, presentase a través da Plataforma de Contratación do Estado a documentación esixida na cláusula 17 do PCAP.

Lote nº 2 “Servizo de cátering”, do contrato de “Organización e desenvolvemento de campamentos urbanos do Concello de Cambre nos períodos vacacionais”, a favor do licitador “Osventos Innovación en Servizos, S.L.”, e requerirle para que, no prazo de 10 días hábiles, presentase a través da Plataforma de Contratación do Estado a documentación esixida na cláusula 17 do PCAP.

Vista a documentación aportada polos licitadores propostos como adxudicatarios nos lotes 1 e 2.

Vista a acta da mesa de contratación da reunión de data 21 de maio de 2025, (CVD: vq6FLmuNiXcwPSXn4HNp) na que entre outras cousas se sinala:

*“(..../....) Vista la documentación presentada, y previa manifestación de las Sras. Pastor Novo y Mata Rodríguez de que su voto en esta cuestión se limita a valorar exclusivamente si la documentación presentada por el licitador se corresponde con la requerida en la cláusula 17 del PCAP, pero que en ningún caso altera, modifica o convalida lo manifestado en sesiones anteriores, por lo que mantienen inalterable su voto en contra a la propuesta de adjudicación, emitido en sesión de fecha 11 de noviembre de 2024, la Mesa de Contratación, por unanimidad de los presentes, **ACUERDA:***

Único.- Declarar que “Hebe Sport, S.L.U.”, tras la subsanación efectuada, ha presentado correctamente la documentación requerida en la Cláusula 17 del PCAP.

(..../....)

*Vista la documentación presentada, y previa manifestación de las Sras. Pastor Novo y Mata Rodríguez de que su voto en esta cuestión se limita a valorar exclusivamente si la documentación presentada por el licitador se corresponde con la requerida en la cláusula 17 del PCAP, pero que en ningún caso altera, modifica o convalida lo manifestado en sesiones anteriores, por lo que mantienen inalterable su voto en contra a la propuesta de adjudicación, emitido en sesión de fecha 11 de noviembre de 2024, la Mesa de Contratación, por unanimidad de los presentes, **ACUERDA:***

Único.- Declarar que “Osventos Innovación en Servizos, S.L.”, tras la subsanación efectuada, ha presentado correctamente la documentación requerida en la Cláusula 17 del PCAP.”

Visto o informe da secretaria xeral de data 27 de maio de 2025 (CVD: 58gBoXP41baIGf4sDTY4) no que se informa desfavorablemente a adxudicación dos lotes 1 e 2 do contrato e que transcrito di:

“INFOME DE SECRETARÍA

Asunto: Adxudicación dos lotes 1 e 2 do contrato do servizo de organización e desenvolvemento dos campamentos urbanos do Concello de Cambre nos períodos vacacionais.

Expediente TEdC: 2024/C004/000003

A funcionaria que subscribe, en relación ao asunto de referencia, emite o seguinte **INFORME**:

CUESTIÓN PREVIA-CONDICIONAMENTOS

Con carácter previo ao que logo se dirá, déixase constancia do escaso tempo hábil de que dispuxo a que subscribe para examinar o asunto, motivado pola escaseza de persoal no servizo, a ausencia da técnica que tramita os expedientes de contratación, vacancia doutro posto de técnico de xestión de Administración xeral, a necesidade de atender ao despacho doutros asuntos, e a sobrecarga de traballo excesiva que soporta esta Secretaría, o que impide facer unhas consideracións máis axeitadas, polo que o presente informe emítese coas cautelas que se derivan deste feito e referirase exclusivamente a aspectos básicos do expediente polo que, de ser preciso, poderá ser ampliado.

Primeira.- Normativa aplicable.

Para a emisión deste informe cómpre ter en conta a seguinte normativa:

- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Real decreto legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2017/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014. (LCSP)
- Real decreto 817/2009, de data 8 de maio, polo que desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro de 2007.
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, que aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RXLCAP).
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG)

Segunda.-En data 31 de maio de 2024 pola técnica de xestión de administración xeral co conforme desta secretaria emitíuse informe en relación ao expediente de contratación (CVD: qjQpFFXkh9cOAIVPyL2Q) que se da por integramente reproducido en aras á brevidade no que, polas consideracións que nel se conteñen informouse desfavorablemente o prego de cláusulas administrativas particulares nos extremos sinalados neles e o expediente de contratación. A funcionaria que subscribe ratifícase no sinalado no devandito informe polo que informa desfavorablemente a adxudicación do contrato,

Se ben o criterio da que subscribe quedou exposto, de ser outro o criterio do órgano de contratación, cómpre sinalar en relación á documentación presentada polas empresas propostas como adxudicatarias dos lotes 1 e 2, que segundo consta na acta da Mesa de contratación da reunión de data 21 de maio de 2025 “(…/…)Vista la documentación presentada, y previa manifestación de las Sras. Pastor Novo y Mata Rodríguez de que su voto en esta cuestión se limita a valorar exclusivamente si la documentación presentada por el licitador se corresponde con la requerida en la cláusula 17 del PCAP, pero que en ningún caso altera, modifica o convalida lo manifestado en sesiones anteriores, por lo que mantienen inalterable su voto en contra a la propuesta de adjudicación, emitido en sesión de fecha 11 de noviembre de 2024, la Mesa de Contratación, por unanimidad de los presentes, **ACUERDA: Único.-** Declarar que “Hebe Sport, S.L.U.”, tras la subsanación efectuada, ha presentado correctamente la documentación requerida en la Cláusula 17 del PCAP.

(.../....)

Vista la documentación presentada, y previa manifestación de las Sras. Pastor Novo y Mata Rodríguez de que su voto en esta cuestión se limita a valorar exclusivamente si la documentación presentada por el licitador se corresponde con la requerida en la cláusula 17 del PCAP, pero que en ningún caso altera, modifica o convalida lo manifestado en sesiones anteriores, por lo que mantienen inalterable su voto en contra a la propuesta de adjudicación, emitido en sesión de fecha 11 de noviembre de 2024, la Mesa de Contratación, por unanimidad de los presentes, **ACUERDA:**

Único.- Declarar que “Osventos Innovación en Servicios, S.L.”, tras la subsanación efectuada, ha presentado correctamente la documentación requerida en la Cláusula 17 del PCAP.”

Tamén para o caso de que sexa outro o criterio do órgano de contratación verbo do sostido pola que subscribe, deberáse incorporar ao expediente o preceptivo informe de fiscalización emitido pola interventora municipal.

CONCLUSIÓN:

En atención ao exposto , infórmase desfavorablemente a adxudicación dos Lotes 1 e 2 do contrato do servizo de organización e desenvolvemento dos campamentos urbanos do Concello de Cambre nos períodos vacacionais .

Non se estudan os restantes extremos do expediente por falta de tempo hábil para o exame do asunto.

É o que expoño neste informe coas limitacións e condicionamentos que se derivan do sinalado na cuestión previa, e que someto a calquera outro mellor fundamentado en dereito.”

Visto o **INFORME INTERVENCIÓN REFERENCIA LMR CONTRATO SERVICIO ORGANIZACIÓN E DESARROLLO DE CAMPAMENTOS URBANOS DO CONCELLO DE CAMBRE NOS PERÍODOS VACACIONAIS ESCOLARES. FASE D / 2025** de data 28 de maio de 2025 (CVD: wOgC3RtBnbl1TgU7Tcv1) de fiscalización previa da adxudicación do contrato dos Lotes 1 e 2 correspondentes ao contrato do “Servizo de organización e desenvolvemento de campamentos urbanos do Concello de Cambre.”. Expediente 2024/C004/000003, de carácter desfavorable con efectos suspensivos no que, entre outras cousas, di:

“(…)

D. RESULTADO DE LA FISCALIZACIÓN PREVIA (art.219.2 TRLRHL)

[**X**] Fiscalizado coa seguinte **observación**

- **X*.A:** a existencia de crédito axeitado e suficiente para os sucesivos exercicios queda condicionada á efectiva consignación nos orzamentos correspondentes.

[**X**] Fiscalizado **desfavorablemente** sen efectos suspensivos

- **X*.C:** o informe de secretaría á adxudicación é desfavorable.

[**X**] Fiscalizado **desfavorablemente CON efectos suspensivos** por aplicación do artigo **216.2.c TRLFL:**

- **X*.B:** tal e como advertín no meu informe referencia **CONTRATO SERVICIO ORGANIZACIÓN E DESARROLLO DE CAMPAMENTOS URBANOS DO CONCELLO DE CAMBRE NOS PERÍODOS VACACIONAIS ESCOLARES. FASE A /2024** asinado o 12.06.2024 (CVD: 5iS6NYDbGwfP6Zs2pT5b) os reparos emitidos no citado documento, ao non ser solventados, teñen carácter suspensivo na fase de adxudicación do contrato.

E para que conste e surta os efectos oportunos, expido e asino electrónicamente o presente informe na data que

figura na marxe.

(...)”.

Visto o informe emitido polo coordinador de Cultura, Deportes, Educación e Xuventude de data 29 de maio de 2025 (CVD: 6aN+5MuDMPW0mlH2RqkE) que transcrito di:

“Asunto: Informe relativo ao expediente do “contrato servizo organización e desenvolvemento de campamentos urbanos do concello de cambre nos períodos vacacionais escolares”. Fase D/2025

Expediente: 2024/C004/000003

En primeiro lugar indicar que a lexislación establece un contido mínimo do PCAP, e remite a el en multitude de preceptos, para que precise as determinacións normativas. Os pregos non esgotan o contido do contrato, pois complétanse coa oferta presentada polo adxudicatario, que poderá ser de maior ou menor calado en función de que se admitan ou non variantes e da maior ou menor amplitude dos criterios de valoración das ofertas.

O artigo 122 LCSP respecto do prego de cláusulas administrativas particulares establece que incluírá os pactos e condicións definidores dos dereitos e obrigas das partes do contrato e as demais mencións requiridas por esta Lei e as súas normas de desenvolvemento. O prego de cláusulas administrativas particulares establece o réxime xurídico do contrato, rexe o procedemento contractual e os dereitos e deberes das partes na súa execución mentres que o prego de prescricións técnicas debe limitarse ao establecemento e definición dos aspectos técnicos que debe reunir o obxecto da prestación e a súa execución, é dicir, serve para definir o obxecto do contrato a as súas características técnicas.

O artigo 124 LCSP, refírese a pregos técnicos como “os pregos e documentos que conteñan as prescricións técnicas particulares que haxan de rexer a realización da prestación e definan as súas calidades, de conformidade cos requisitos que para cada contrato establece a presente Lei (...)”. Deste modo o prego de prescricións técnicas complementa ao prego de cláusulas administrativas, sendo o alcance das prescricións técnicas máis limitado que o das cláusulas administrativas, pois só afectan a natureza ou calidades da prestación como obxecto físico e/ou funcional.

En canto ao clausulado dos pregos de cláusulas administrativas particulares, destacar o Informe 35/08, de 25 de abril de 2008 «Recomendación da Xunta Consultiva de Contratación Administrativa sobre contido básico dos pregos de cláusulas administrativas particulares comúns para todo tipo de contratos administrativos» que é un dos documentos de consulta á hora de enfrontarse coa redacción dun prego. Neste informe recóllense 50 cláusulas cos aspectos que deberían recollerse nos pregos (1ª Obxecto do contrato, 10ª Tramitación do expediente a efectos da adxudicación do contrato, 12ª Criterios de adxudicación e de avaliación das ofertas, 14ª Dereitos e obrigas específicas das partes do contrato, 18ª Contratista. Solvencia técnica e profesional, 28ª Ofertas anormalmente baixas, 30ª Condicións especiais de execución do contrato, 36ª Réxime dos pagos do prezo, 39ª Incumprimento das condicións especiais de execución, 40ª Penalidades, etc), conforme ás especificacións da de aquela vixente LCSP e, en canto non se atope derogado por esta, polo Regulamento Xeral da Lei de contratos das administracións públicas (aprobado por Real Decreto 1098/2001), especialmente no disposto no seu artigo 67.

A relación entre Pregos de Prescricións Técnicas Particulares e Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares non se establece en función do rango ou preferencia entre ambos, senón das materias que han de regular cada un deles, polo que o artigo 68.3 RGLCAP prohibe que os Pregos de Prescricións Técnicas Particulares conteñan declaracións o cláusulas que deben figurar no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares.

Visto o informe de reparo suspensivo da intervención municipal ao expediente de referencia, de data 28/05/2025 (CVD: wOgC3RtBnbl1TgU7Tcv).

Visto o informe da secretaria municipal con data 27.05.2025 (CVD: 58gBoXP41baIGf4sDTY4)

INFÓRMASE que:

1- No apartado "D. Resultado de la fiscalización previa (art.219.2 TRLRHL)" do informe de Intervención indícase que:

X*.B: tal e como advertín no meu informe referencia CONTRATO SERVIZO ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO DE CAMPAMENTOS URBANOS DO CONCELLO DE CAMBRE NOS PERÍODOS VACACIONAIS ESCOLARES. FASE A /2024 asinado o 12.06.2024 (CVD: 5iS6NYDbGwfP6Zs2pT5b) os reparos emitidos no citado documento, ao non ser solventados, teñen carácter suspensivo na fase de adxudicación do contrato.

En el apartado resultado de fiscalización de 12.06.2024 a interventora concluía que:

"Fiscalizado con reparos (terán carácter suspensivo a partir de fase de adxudicación (D), art. 216.2.c TRLFL)

- X*.B: : incumprimento do artigo 29.1 LCSP por canto non se xustifica no expediente que a duración do contrato estableceuse tendo en conta a natureza das prestacións, as características do seu financiamento e a necesidade de someter periodicamente a concorrência a realización das mesmas.

- X*.C: O artigo 28.1.da LCSP esixe que a natureza e extensión das necesidades que pretenden cubrirse mediante o contrato proxectado, así como a idoneidade do seu obxecto e contido para satisfacer as sexan determinadas con precisión circunstancia que non se cumpre. A parte de ser unha exigencia legal, a definición do obxecto do contrato é primordial para a determinación do prezo e para que o licitador coñeza o detalle da prestación a realizar. A xustificación da inexistencia de duplicidades é insuficiente por canto no informe asinado polo coordinador de actividades culturais e educativas o 22.03.2024 (CVD: vbBSrYhQp2Rx6kwhWxBw) non detalla cales son as actuacións da Xunta de Galicia e da Deputación Provincial de A Coruña no ámbito da conciliación.

- X*.D: : incumprimento do artigo 99.3 da LCSP por canto non se xustifica no expediente o/s motivo/s de que a prestación non se divida en lotes

- X*.E: incumprimento do artigo 102.3 da LCSP xa que a determinación do prezo que consta no expediente non permite comprobar a correcta estimación do seu importe.

- X*.F: incumprimento do artigo 116.4. apartados c, d, f, g da LCSP xa que non se xustifican no expediente: 1) a elección dos criterios que se terán en consideración para adxudicar o contrato nin as condicións especiais de execución do mesmo, 2) o cálculo do valor estimado do contrato, 3) a insuficiencia de medios, 4) a decisión de non dividir en lotes a prestación a contratar. Por outra banda, recórdase que ao abeiro do artigo 76.3 da LCSP a adscripción dos medios persoais ou materiais como requisitos de solvencia adicionais á clasificación do contratista deberá ser razoable, xustificada e proporcional á entidade e características do contrato, de forma que non limite a participación das empresas na licitación.

- X*.G: incumprimento de artigo 126 LCSP xa que non se xustifica no expediente que os criterios que figuran no Prego de Prescricións Técnicas proporcionan aos empresarios acceso en condicións de igualdade ao procedemento de contratación e non teñen por efecto a creación de obstáculos inxustificables á apertura da contratación pública á competencia

- X*.H: incumprimento do artigo 145 LCSP xa que a adxudicación dos contratos realizárase utilizando unha pluralidade de criterios LCSP xa que a adxudicación en base á mellor relación calidade-prezo, a cal, avalíase conforme criterios económicos e cualitativos e non se xustifica no expediente que os criterios sometidos a xuízos de valor garantan unha maior calidade da prestación a contratar.

- X*.I: incumprimento do artigo 146.2.a LCSP xa que ao ter os criterios suxeitos a xuízos de valor unha ponderación superior (51 puntos) aos que resultan da aplicación de fórmulas (49 puntos) a valoración dos primeiros corresponde a un comité de expertos.

- X*.J: incumprimento do artigo 149.2.b da LCSP por canto a pesar de ser varios os criterios de adxudicación na xustificación da baixa temeraria únicamente se ten en conta o referido á oferta económica"

Este reparo foi informado polo funcionario asinante con data 4.07.2024 (CVD: FLRUPGI4Ear7KfsMqbbN) e reitero a motivación dada aos reparos no informe de referencia

"En relación ao punto X*.B, o artigo 29.1 da LCSP dispón que:

"1. La duración de los contratos del sector público deberá establecerse teniendo en cuenta la naturaleza de las prestaciones, las características de su financiación y la necesidad de someter periódicamente a concurrencia la realización de las mismas, sin perjuicio de las normas especiales aplicables a determinados contratos."

Todo o indicado neste artigo foi respectado na redacción do prego, polo que non se produce tal incumprimento.

En canto á definición do obxecto do contrato (X*.C), na opinión do funcionario informante, no prego de prescricións técnicas indícase con suficiente precisión a natureza e extensión das necesidades que se pretende cubrir. En relación a que non se detallan son as actuacións da Xunta de Galicia e da Deputación Provincial de A Coruña no ámbito da conciliación é debido a que non realizan actividades coma as que se encontran no contrato de referencia. As actividades levadas a cabo pola Xunta de Galicia e a Deputación Provincial da Coruña obrigan á pernocta, mentres que as incluídas neste contrato transcorren entre as 7:30 e as 16:30 h.

Respecto da xustificación da non división en lotes (X*.D), non é necesaria xa que o obxecto desta contratación está dividido en dous lotes. O obxectivo principal da división en lotes desta contratación é ampliar o número de empresas que poidan concorrer a elas. A licitación nun só lote podería ter como consecuencia que o contrato quedase deserto.

Por outra parte, debería valorarse a procedencia de incluír no PCAP, que a adxudicación de cada un dos lotes sexa condición sine qua non para a efectividade da adxudicación, a través deste ou outro procedemento posterior no caso de que algún lote quede deserto.

En canto á determinación do prezo (X*.E), o funcionario informante entende que a determinación do prezo que consta no expediente si permite comprobar a correcta estimación do seu importe xa que está desglosado todos os datos necesarios que levan a establecer o prezo por cada concepto.

En relación ao punto X*.F, na opinión do funcionario informante, no expediente atópanse axeitadamente xustificadas, ben na memoria, ben no PPT, todo o referido neste punto do informe de Intervención.

En relación ao referido no art. 126. Regras para establecer prescricións técnicas da LCSP (X*.G), este establece que "1. As prescricións técnicas a que se refiren os artigos 123 e 124 proporcionarán aos empresarios acceso en condicións de igualdade ao procedemento de contratación e non terán por efecto a creación de obstáculos inxustificables á apertura da contratación pública á competencia.." No artigo non se indica que sexa preceptivo xustificar esta elección, senón ter en conta o que indica. Esta disposición foi tida en conta, ao igual que o resto da lexislación en materia de contratos

Respecto ao referido no art. 145 da LCSP (X*.H), na opinión do funcionario informante, as subministracións e servizos a contratar están suficientemente definidos polo que é posible a súa adxudicación mediante un único criterio.

En relación ao punto X*.I: incumprimento do artigo 146.2.a LCSP xa que ao ter os criterios suxeitos a xuízos de valor unha ponderación superior (51 puntos) aos que resultan da aplicación de fórmulas (49 puntos) a valoración

dos primeiros corresponde a un comité de expertos, non existe tal incumprimento neste caso xa que o 100% dos criterios utilizados en ambos lotes son de aplicación automática, non existindo criterios suxeitos a xuízos de valor.

En relación ao punto X.J: incumprimento do artigo 149.2.b da LCSP por canto a pesar de ser varios os criterios de adxudicación na xustificación da baixa temeraria únicamente se ten en conta o referido á oferta económica, non existe tal incumprimento neste caso xa que, tal e como consta tanto no informe proposta como no prego de cláusulas administrativas particulares, a viabilidade das ofertas valorarase no seu conxunto, tendo en conta tanto o prezo como as melloras que incrementan a calidade do servizo."*

2- No apartado segundo do informe da secretaria de data 27.05.2025. consta que "En data 31 de maio de 2024 pola técnica de xestión de administración xeral co conforme desta secretaría emitíuse informe en relación ao expediente de contratación (CVD: qjQpFFXkh9cOAIVPyL2Q) que se da por integramente reproducido en aras á brevidade no que, polas consideracións que nel se conteñen informouse desfavorablemente o prego de cláusulas administrativas particulares nos extremos sinalados neles e o expediente de contratación. A funcionaria que subscrybe ratifícase no sinalado no devandito informe polo que informa desfavorablemente a adxudicación do contrato",

A secretaria no seu informe do 31 de maio de 2024 informaba desfavorablemente ao prego de cláusulas administrativas particulares e ao expediente de contratación no relativo a natureza e obxecto do contrato e ao importe e a súa duración.

Todas as consideración realizadas pola secretaria municipal no informe de referencia foron informadas por este funcionario no informe de data con data 4.07.2024 (CVD: FLRUPGI4Ear7KfsMqbbN)

Polo que solicito o levantamento dos reparos suspensivos e a continuación na tramitación do expediente."

Vista a Resolución da Alcaldía do día 30 de maio de 2025 co nº 516/2025 na que se levantan os reparos formulados pola interventora municipal en seu informe de data 28 de maio de 2025 (CVD: wOgC3RtBnbl1TgU7Tcv1)

Tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución número 391/2025, do 30 de abril, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro.- Declarar válida a licitación admitindo nela aos licitadores presentados correspondentes aos Lotes nº 1 e 2:

Lote 1: Servizo de organización e desenvolvemento do módulo de actividades e dos módulos de complemento educativo

- ACTIVIDADES FORMATIVAS, S.L.
- HEBE SPORT, S.L.

Lote 2: Servizo de catering

- JARDANAY, S.L.
- OSVENTOS INNOVACIÓN EN SERVICIOS, S.L.

Segundo.- Adxudicar o Lote nº 1 "Servizo de organización e desenvolvemento do módulo de actividades e dos módulos de complemento educativo", do contrato de "Organización e desenvolvemento de campamentos urbanos do Concello de Cambre nos períodos vacacionais", a favor

do licitador “Hebe Sport, S.L.”, co CIF B15890809, no prezo ofertado de 169.614,04 euros sen IVE, 186.575,44 euros IVE incluído iso por ser a entidade que obtén a maior puntuación en aplicación dos criterios de valoración que constan na cláusula 12 do PCAP.

Terceiro.- Adxudicar o Lote nº 2 “Servizo de cátering”, do contrato de “Organización e desenvolvemento de campamentos urbanos do Concello de Cambre nos períodos vacacionais”, a favor do licitador “Osventos Innovación en Servizos, S.L. co CIF B70493275 no prezo ofertado de 51.468,06 euros sen IVE, 56.614,87 euros IVE incluído por ser a entidade que obtén a maior puntuación en aplicación dos criterios de valoración que constan na cláusula 12 do PCAP.

Cuarto.- Designar como responsable do contrato a don José Luis Martínez Názara, coordinador de Cultura, Deportes, Educación e Xuventude, a quen corresponderá supervisar a súa execución e adoptar as decisións e ditar as instrucións necesarias co fin de asegurar a correcta realización da prestación pactada.

Quinto.- Por atoparnos ante un contrato susceptible de recurso especial en materia de contratación (artigo 44 LCSP), a formalización do contrato non poderá efectuarse antes de que transcorran quince días hábiles desde que se remita a notificación da adxudicación aos licitadores e candidatos (artigo 153.3 LCSP).

Sexto.- Dar traslado deste acordo, a través da plataforma TEdEC, ao responsable do contrato e ao departamento de intervención para o seu coñecemento e aos efectos oportunos.

Setimo.- Notificar este acordo aos licitadores presentados e publicar este acordo de adxudicación no Perfil do Contratante do Concello de Cambre, aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público do Estado (<https://contrataciondelestado.es>).

Este acordo está suxeito a recurso especial en materia de contratación, que poderá interpoñerse, no prazo de quince días hábiles, a partir do día seguinte a aquel en que se notificou esta de conformidade co disposto na disposición adicional décimo quinta aos candidatos ou licitadores que fosen admitidos no procedemento [artigo 50.1.e) da LCSP], por calquera persoa física ou xurídica cuxos dereitos ou intereses lexítimos, individuais ou colectivos se viron prexudicados ou poidan resultar afectados, de maneira directa ou indirecta, polas decisións obxecto de recurso, sendo competente para resolvelo o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia”.

Non producíndose intervencións a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta do concelleiro delegado da Área de Economía, Facenda, Contratación, Réxime Interior e Desenvolvemento Económico de data 2 de xuño de 2025 (CVD: ccPJaeI/axkmJIO/ogZ2), resultando aprobada por unanimidade, polo que devén en acordo nos termos anteriormente transcritos.

4.- INFORME DAS RESOLUCIÓNS DITADAS POLA ALCALDÍA E CONCELLERÍAS DELEGADAS DE ÁREA DENTE A ANTERIOR XUNTA DE GOBERNO LOCAL

A Presidencia dá conta á Xunta de Goberno Local das resolucións ditadas pola Alcaldía e concellerías delegadas de área dende o día 23 ao 29 de maio de 2025, que comezan coa resolución do concelleiro delegado da Área de Turismo, Patrimonio, Sanidade, Deportes e Xuventude núm. 482/2025 e rematan coa resolución da concelleira delegada da Área de Servizos Sociais, Cultura, Educación e Movemento Asociativo núm. 507/2025, segundo se relacionan a continuación:

Nº decreto	Data sinatura	Asunto
482/2025	23-05-2025	Tomar coñecemento de que o cadáver de JBC, falecida o día 1 de maio de 2025, foi inhumado na urna perimetral sinalada co número 31, letra A no cemiterio municipal de Cambre, en data 2 de maio de 2025
483/2025	23-05-2025	Tomar coñecemento de que os restos mortais de JRMB falecido o día 29 de abril de 2025, foron inhumados na urna perimetral sinalada co número 16, letra B no cemiterio municipal de Cambre en data 30 de abril de 2025.
484/2025	23-05-2025	Composición Xunta de Goberno Local tras non aceptación do nomeamento por varios dos membros designados
485/2025	23-05-2025	Suspender a actividade de taller de mantemento-reparación de vehículos que se está a realizar na nave sita no lugar da estrada de Espírito Santo, carecendo do preceptivo título habilitante. Incoar expediente de reposición da legalidade urbanística a FYET, S.L. polo exercicio da citada actividade sen título habilitante municipal
486/2025	23-05-2025	Aprobar o recoñecemento e liquidación da cantidade de 484,00 euros, a favor do Xulgado do Contencioso Administrativo nº 4 da Coruña, en concepto de custas correspondentes ao recurso contencioso administrativo nº PA 279/2021, así como o seu pagamento
487/2025	23-05-2025	Estimar a solicitude presentada e rectificar o erro material das liquidacións do prezo público de actividades extraescolares en períodos vacacionais, actividades dos campamentos urbanos de verán 2022 - 1ª e 3ª quenda, aprobadas por resolucións num. 1489/2022 de data 24/08/2022 e num. 1699/2022 de data 29/09/2022, respectivamente. Recoñecer o dereito a devolución do importe ingresado indebidamente por importe de 94,50 euros en concepto de contía de prezo público por actividades extraescolares (1ª e 3ª quenda de campamento de verán de 2022), así como os xuros de demora que proceden. Solicitante: SML
488/2025	23-05-2025	Recoñecer o dereito á devolución do importe ingresado por duplicado da taxa pola realización de actividades administrativas con motivo da apertura de establecementos: cambio de titularidade, por importe de setenta e cinco euros (75,00 euros), así como os xuros de demora que proceden
489/2025	23-05-2025	Recoñecer o dereito á devolución de ingresos en concepto de ICIO por importe de 809,40 euros, así como os xuros de demora que proceden, no expediente de licenza para a legalización de reforma e ampliación de vivenda unifamiliar en Cecebre. Desestimar a solicitude de devolución de ingresos indebidos do importe aboado de 134,90 euros, ingresado con data 05.02.2021, en concepto de taxa por outorgamento de licenza urbanística expediente 2021/U026/000034, por terse devengado a mesma e realizado o feito imponible. Solicitante: RRL
490/2025	27-05-2025	Convocar sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local para o

		próximo martes día 27 de maio de 2025, ás 10.00 horas
491/2025	27-05-2025	Aprobar as facturas e gastos por un importe total de 10.720,50 euros
492/2025	27-05-2025	Ordenar a ETG que roze a vexetación existente na finca sita no lugar de San Marcos, Anceis, de acordo co disposto polos arts. 135 e 136 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e art. 19 da Ordenanza municipal de limpeza viaria e ornato público
493/2025	27-05-2025	Substituír ao concelleiro don Juan González Leirós como representante deste Concello no órgano reitor da Xunta de Compensación do sector de solo urbanizable da Modificación Puntual das Normas Subsidiarias do Planeamento de Cambre no ámbito da estrada N-VI, sito no Temple, por don Rubén Vázquez Pérez, concelleiro delegado da Área de Economía, Facenda, Contratación, Réxime Interior e Desenvolvemento Económico, isto de conformidade co artigo 123-5 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia
494/2025	27-05-2025	Tomar coñecemento de que o cadáver AFM falecido o 26 de abril de 2024, foi inhumado na urna perimetral sinalada co número 83 letra D no cemiterio municipal de Cambre, en data 27 de abril de 2024
495/2025	27-05-2025	Convocar sesión ordinaria do Pleno municipal para o xoves 29 de maio de 2025, que terá lugar no salón de sesións da casa do concello, ás 11:00 horas
496/2025	27-05-2025	Aprobar o padrón do prezo público polo servizo de axuda no fogar do mes de decembro de 2024, que comprende 101 recibos e 18 cotas cero dun total de 118 persoas usuarias e os importes correspondentes que deberán aboar cada unha das persoas usuarias, por un importe total de 11.966,21 €
497/2025	27-05-2025	Aprobar o padrón do prezo público polo servizo de axuda no fogar do mes de novembro de 2024, que comprende 105 recibos e 18 cotas cero dun total de 122 persoas usuarias e os importes correspondentes por un importe total de 12.453,98 euros
498/2025	27-05-2025	Conceder a licenza municipal solicitada para executar unha canalización de 82 metros lineais para o tendido dunha liña subterránea de baixa tensión destinada a proporcionar subministración de enerxía eléctrica a un punto de recarga de vehículos eléctricos na parcela sita na rúa Zeppelin, polígono industrial de Espíritu Santo, parroquia de Cecebre, Solicitante: UFD DE, SA.
499/2025	27-05-2025	Conceder a licenza municipal solicitada para a instalación dun poste de fibra no lugar de Aián, parroquia de Sigrás, co fin de posibilitar o desenvolvemento da rede pública de comunicacións electrónicas. Solicitante: TdeE, SAU
500/2025	28-05-2025	Aprobar as facturas e gastos por un importe total de 108.311,60 euros
501/2025	28-05-2025	Considerar desistida a DVD da solicitude da axuda económica de emerxencia social para gastos derivados da divenda habitual establecida no artigo 7 da Ordenanza reguladora, concretamente para recibo de alugueiro por non achegar a documentación requirida no prazo establecido, e declarar, polo tanto, o arquivo do procedemento

502/2025	28-05-2025	Aprobar a proposta de mandamento de pago, así coma o seu pagamento, dos 136.187,57 euros a favor de Augas de Galicia, correspondente á autoliquidación do canon da auga do primeiro cuadrimestre do 2025
503/2025	28-05-2025	Expedientes sancionadores de tráfico
504/2025	28-05-2025	Denegar a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal establecida no artigo 6, xa que segundo o disposto no artigo 22.1, non cumpre os requisitos esixidos no artigo 2, o límite de ingresos da unidade de convivencia é superior ao establecido. Solicitante: MJAM
505/2025	28-05-2025	Considerar desistido a IJH da solicitude da axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal establecida no artigo 6 da Ordenanza reguladora solicitada con data 14/3/2025, por non achegar a documentación requirida no prazo establecido, e declarar, polo tanto, o arquivo do procedemento
506/2025	28-05-2025	Considerar desistido a RT da solicitude da axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal establecida no artigo 6 da Ordenanza reguladora solicitada con data 10/7/2024, por non achegar a documentación requirida no prazo establecido, e declarar, polo tanto, o arquivo do procedemento
507/2025	28-05-2025	Considerar desistida a SAdeV da solicitude da axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal establecida no artigo 6 da Ordenanza reguladora solicitada con data 25/02/2025, por non achegar a documentación requirida no prazo establecido, e declarar, polo tanto, o arquivo do procedemento

5.- ASUNTOS SOBREVIDOS

A continuación, a Presidencia, ao abeiro do establecido no artigo 133 do Regulamento orgánico municipal, manifesta que desexa someter a consideración da Xunta de Goberno Local os seguintes asuntos:

- Proposta relativa á adxudicación do contrato dos "Servizos de prevención de riscos laborais e medicina do traballo do Concello de Cambre". Expediente núm. 2024/C004/000020
- Proposta relativa á contratación da prestación do servizo de mediación de riscos e seguros para o Concello de Cambre, mediante contrato baseado no acordo marco do ano 2024 da Central de Contratación da FEMP. Expediente núm. 2025/C006/000002.

A Sra. presidenta intervéen e manifesta que respecto do primeiro asunto, a urxencia vén motivada pola necesidade de acelerar a adxudicación do contrato, sendo ademais que o expediente se declarou de tramitación urxente; que respecto do segundo asunto, a urxencia vén motivada pola necesidade de acelerar a contratación do servizo de mediación de riscos e seguros.

A Presidencia somete a votación ordinaria a urxencia dos asuntos anteriormente citados, e é aprobada por unanimidade.

5.1. PROPOSTA RELATIVA Á ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DOS "SERVIZOS DE PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS E MEDICINA DO TRABALLO DO CONCELLO DE CAMBRE". EXPEDIENTE NÚM. 2024/C004/000020

A Presidencia somete a debate e consideración da Xunta de Goberno Local a proposta do concelleiro delegado da Área de Economía, Facenda, Contratación, Réxime Interior e Desenvolvemento Económico de data 2 de xuño de 2025 (CVD: oMjcSajMNbi4ZMfcR0Rj), que transcrita di:

"PROPOSTA DO CONCELLEIRO DELEGADO DA ÁREA DE ECONOMÍA, FACENDA, CONTRATACIÓN, RÉXIME INTERIOR E DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO

Visto o procedemento tramitado para á contratación dos "Servizos de prevención de riscos laborais e medicina do traballo do Concello de Cambre" (Expediente TEDeC núm. 2024/C004/000020).

Visto que con data 23 de outubro de 2024 publicouse o anuncio de licitación na Plataforma de Contratación do Sector Público, e que, dentro do prazo de presentación de ofertas, presentaron proposición os seguintes licitadores:

- Aspy Prevención, S.L.U.
- Valora Prevención, S.L.U.

Vista a acta da mesa de contratación, de data 10 de xaneiro de 2025, na que, entre outras cousas, consta que o dito órgano outorgou aos licitadores presentados, con base nos criterios de valoración aplicables mediante xuízos de valor da cláusula 12 do PCAP, a puntuación que a continuación se indica, isto segundo o informe emitido pola xefa da Unidade de Réxime Interior interina o 7 de xaneiro de 2025:

Empresa	Detalle, alcance e adecuación da proposta de servizos de prevención e vixilancia da saúde (Ata 3,0 puntos)	Detalle, alcance e adecuación da proposta de actividades formativas ofertadas (Ata 3,0 puntos)	Dispoñibilidade de aplicativos ou sistemas informáticos que permitan xestionar as actividades de formación ofertadas, as citas, obter os resultados dos recoñecementos médicos en formato electrónico de maneira segura e contar con recomendacións ou información adicional para os/as traballadores/as (Ata 9 puntos)	Total
ASPY PREVENCIÓN S.L.U.	3,0	2,5	2,5	8,0
VALORA PREVENCIÓN S.L.U.	1,5	3,0	5,5	10,0

Vista a acta da mesa de contratación de data 17 de xaneiro de 2025 na que consta que se procede ao descifrado e apertura electrónica dos sobres B correspondentes á proposición económica e documentación cuantificable de forma automática dos dous licitadores, co seguinte resultado:

ASPY PREVENCIÓN, S.L.U.

Prezo sen IVE	IVE	Total, IVE incluído
13.432,00 €	1.512,00 €	14.944,00 €

Maior número de recoñecementos médicos a realizar: 18

Maior número de horas de formación e sensibilización presencial: 10

Dispoñibilidade de certificado de sistema de xestión de seguridade da información conforme á norma ISO 27001: Si

Dispoñibilidade de certificado de conformidade co Esquema Nacional de Seguridade: Nivel 2

VALORA PREVENCIÓN, S.L.U.

Prezo sen IVE	IVE	Total, IVE incluído
6.237,00 €	435,07 €	6.672,07 €

Maior número de recoñecementos médicos a realizar: 4

Maior número de horas de formación e sensibilización presencial: 10

Dispoñibilidade de certificado de sistema de xestión de seguridade da información conforme á norma ISO 27001: Non consta

Dispoñibilidade de certificado de conformidade co Esquema Nacional de Seguridade: Non consta sinalado nivel

Vista a acta da mesa de contratación de data 6 de febreiro de 2025 na que, entre outras cousas, consta que o dito órgano outorgou aos licitadores presentados a seguinte puntuación total, por orde decrecente de valoración, sen que ningunha das dúas ofertas se encontrase en presunción de resultar anormalmente baixa, ao non concorrer en ningunha delas de forma simultánea os dous parámetros obxectivos establecidos na cláusula 16.4.1 do PCAP:

	Empresa	Precio ofertado (Hasta 49 puntos)	Mejoras ofertadas (Hasta 36 puntos)			Calidad técnica de la memoria de ejecución de las actividades ofertadas (Hasta 15 puntos)			Total
			Número de reconocimientos médicos ofertados (Hasta 22,0 puntos)	Horas de formación y sensibilización presencial ofertadas (Hasta 10,0 puntos)	Existencia de medidas y sistemas tendentes a asegurar la calidad de los servicios y la seguridad de la gestión de los datos (Hasta 4 puntos)	Detalle, alcance y adecuación de la propuesta de servicios de prevención y vigilancia de la salud (Hasta 3,0 puntos)	Detalle, alcance y adecuación de la propuesta de actividades formativas ofertadas (Hasta 3,0 puntos)	Disponibilidad de aplicativos o sistemas informáticos que permitan gestionar las actividades de formación ofertadas, las citas, obtener los resultados de los reconocimientos médicos en formato electrónico de manera segura y contar con recomendaciones o información adicional para los/as trabajadores/as (Hasta 9 puntos)	
1º	VALORA PREVENCIÓN S.L.U.	49,00	5,50	10,00	0,00	1,5	3,0	5,5	74,50
2º	ASPY PREVENCIÓN S.L.U.	21,88	22,00	10,00	3,00	3,0	2,5	2,5	64,88

Visto que nesa mesma sesión de data 6 de febreiro de 2025 a mesa de contratación, por dous votos a prol e dous en contra, co voto de calidade do Sr. presidente, acordou realizar proposta de adxudicación a prol do licitador “Valora Prevención, S.L.U.”.

Vista a acta da mesa de contratación de data 17 de marzo de 2025 na que se deu conta do escrito presentado polo licitador “Valora Prevención, S.L.U.” que, entre outras cousas, di:

“(…/…) En base al **artículo 158** de la Ley de Contratos del Sector Público, que establece que, si la adjudicación no se produce dentro de los plazos señalados, los licitadores tienen derecho a retirar su proposición, **SOLICITO** formalmente que se acepte la retirada de la oferta presentada por la empresa **VALORA PREVENCIÓN, S.L.U.**, para que no se tenga en cuenta a la hora de adjudicar el **CONTRATO DE SERVICIOS DE PREVENCIÓN DE RIESGOS LABORALES Y MEDICINA DEL TRABAJO DEL AYUNTAMIENTO DE CAMBRE**. (…/…)”

Visto que, tendo en conta a renuncia presentada, a mesa de contratación acordou, por dous votos a prol de dous en contra, co voto de calidade do Sr. presidente, realizar proposta de adxudicación do “*Servizo de prevención de riscos laborais e medicina do traballo do Concello de Cambre*”, a prol do licitador “Aspy Prevención, S.L.U.”, no prezo ofertado de 13.432,00 euros sen IVE (14.944,00 euros IVE incluído), e coas melloras ofertadas (16 recoñecementos médicos adicionais e 10 horas de formación e sensibilización presencial), isto por ser a única entidade que continúa no procedemento, sen que a súa oferta estea incurso en presunción de oferta anormalmente baixa.

Vista a acta da mesa de contratación, de data 15 de maio de 2025, na que a mesa de contratación declara que “Aspy Prevención, S.L.U.”, tras a emenda efectuada, presentou correctamente a documentación requirida na Cláusula 17 do PCAP.

Visto o informe desfavorable de Secretaría, de data 22 de maio de 2025 (CVD: XkhL/umeOIQ2V6Zfx6kq), que transcrito di:

“INFOME DE SECRETARÍA

Asunto: Adxudicación do contrato dos servizos de prevención de riscos laborais e medicina do traballo do Concello de Cambre.

Expediente TEdC: 2024/C004/000020

A funcionaria que subscribe, en relación ao asunto de referencia, emite o seguinte INFORME:

CUESTIÓN PREVIA-CONDICIONAMENTOS

Con carácter previo ao que logo se dirá déixase constancia do escaso tempo hábil de que dispuxo a que subscribe para examinar o asunto, motivado pola escasez de persoal no servizo, a ausencia da técnica de xestión que tramita os expedientes de contratación, vacancia doutro posto de técnico de xestión de Administración xeral, da necesidade de atender ao despacho doutros asuntos, e da excesiva carga de traballo que soporta esta Secretaría.

As circunstancias citadas impiden facer unhas consideracións máis axeitadas e estensas e fan que a que subscribe haxa de expresarse de xeito sintético, co risco que a sínte entraña. É por iso polo que as consideracións que se farán poderán ser ulteriormente ampliadas e/ou matizadas.

Primeira.- Normativa aplicable.

Para a emisión deste informe cómpre ter en conta a seguinte normativa:

- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real decreto lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2017/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014. (LCSP).
- Real decreto 817/2009, de data 8 de maio, polo que desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro de 2007.

- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, que aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RXLCAP).
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG).

Segunda.- En data 11 de outubro de 2024 por esta secretaría emitíuse informe en relación ao expediente de contratación (CVD: OJbrGtMO/WXKOvr0Adx3) que se da por integramente reproducido en aras á brevidade e no que se ratifica a que subscribe, no que, polas consideracións que nel se conteñen informouse desfavorablemente o prego de cláusulas administrativas particulares nos extremos sinalados neles e o expediente de contratación.

Se ben o criterio da que subscribe quedou exposto, de ser outro o criterio do órgano de contratación, cómpre sinalar en relación á documentación presentada pola empresa, que segundo consta na acta da Mesa de contratación da reunión de data 15 de maio e 2025 “(…/…) Vista la documentación presentada, y previa manifestación de las Sras. Pastor Novo y Mata Rodríguez de que su voto en esta cuestión se limita a valorar exclusivamente si la documentación presentada por el licitador se corresponde con la requerida en la cláusula 17 del PCAP, pero que en ningún caso altera, modifica o convalida lo manifestado en sesiones anteriores, por lo que mantienen inalterable su voto en contra a la propuesta de adjudicación, emitido en sesión de fecha 17 de marzo de 2025, la Mesa de Contratación, por unanimidad, **ACUERDA:**

Único.- Declarar que “Aspy Prevención, S.L.U.”, tras la subsanación efectuada, ha presentado correctamente la documentación requerida en la Cláusula 17 del PCAP.”

Tamén para o caso de que sexa outro o criterio do órgano de contratación verbo do sostido pola que subscribe, , deberáse incorporar ao expediente o preceptivo informe de fiscalización emitido pola interventora municipal.

CONCLUSIÓN:

En atención ao exposto , infórmase desfavorablemente a adxudicación do contrato dos servizos de prevención de riscos laborais e medicina do traballo do Concello de Cambre.

Non se estudan os restantes extremos do expediente por falta de tempo hábil para o exame do asunto.

É o que expoño neste informe coas limitacións e condicionamentos que se derivan do sinalado na cuestión previa, e que someto a calquera outro mellor fundamentado en dereito”.

Visto o «Informe Intervención referencia LMR “Prevención de riesgos laborales e medicina do traballo do Concello de Cambre” D / 2025», emitido pola interventora municipal en data 23 de maio de 2025 (CVD: GmSDYhgASYjhEQqxuqxG), que, entre outras cousas, di:

“(…/…)”

D. RESULTADO DE LA FISCALIZACIÓN PREVIA (art.219.2 TRLRHL)

[X] Fiscalizado coa seguinte **observación**

- **X*.A:** a existencia de crédito axeitado e suficiente para os sucesivos exercicios queda condicionada á efectiva consignación nos orzamentos correspondentes.

[X] Fiscalizado **desfavorablemente** sen efectos suspensivos

- **X*.C:** o informe de secretaría á adxudicación é desfavorable.

[X] Fiscalizado **desfavorablemente CON efectos suspensivos** por aplicación do artigo **216.2.c TRLFL:**

- **X*.B:** tal e como advertín no meu informe referencia PREVENCIÓN DE RISGOS LABORAIS E MEDICINA DO TRABALLO DO CONCELLO DE CAMBRE“ A / 2024, asinado o 16.10.2024 (CVD: k+33UefZQ1Rz5T6AhMEX) os reparos emitidos no citado documento, ao non ser solventados, teñen carácter suspensivo na fase de adxudicación do contrato”

E para que conste e surta os efectos oportunos, expido e asino electrónicamente o presente informe na data que figura na marxe”

Visto o informe emitido polo xefe da Área de Urbanismo e Réxime Interior en data 30 de maio de 2024 (CVD: YYKRJIEJnhwCcU2+eWNh), que transcrito di:

“Asunto: Contrato de servizos de prevención de riscos laborais e medicina do traballo do Concello de Cambre
Nº expte: 2024/C004/000020

En relación co informe de intervención con reparos suspensivos á fase de adxudicación do contrato indicado de data 23 de maio 2025 (CVD: GmSDYhgASYjhEQqxuqG), emítase o seguinte

INFORME

Como antecedentes de feito mais relevantes para o asunto que nos ocupa, cabe mencionar os seguintes:

- Providencia de data 9 de xullo de 2024 da concelleira delegada da área de Servizos Socias e Recursos Humanos (CVD: 5n7CpLkL0U33Wi6AVMa6) pola que se solicita o inicio dun expediente con carácter urxente para contratación do servizo de prevención de riscos laborais e vixilancia da saúde do Concello de Cambre co que dar cumprimento as obrigas municipais nesta materia.
- Providencia da Alcaldía de data 7 de outubro de 2024 (CVD: T4s0CUdx15nqOEHmNnYg) na que se solicitaba se emitisen os informes preceptivos pola secretaría xeral e pola intervención municipal.
- Informe emitido pola secretaria xeral, de data 11 de outubro de 2024 (CVD: OJbrGtMO/WXKOvr0Adx3).
- Informe de Intervención de referencia “Prevención de riscos laborais e medicina do traballo do Cncello de Camre” A / 2024” emitido pola interventora municipal en data 16 de outubro de 2024 (CVD: k+33UefZQ1Rz5T6AhMEX).
- Acordo da Xunta de Goberno Local de data 22 de outubro de 2024 de aprobación do expediente de contratación (CVD: qGPhG7w/6AE44YbsVkzl).
- Actas da mesa de contratación de data 27 de novembro e 17 de decembro de 2024 e de datas 10 e 17 de xaneiro, 6 de febreiro (1ª proposta de adxudicación), 17 de marzo (2ª proposta de adxudicación), 11 de abril e 15 de maio de 2025.
- Informe de data 22 de maio de 2025 emitido pola secretaria xeral (CVD: XkhL/umeOIQ2V6Zfx6kq) no que, entre outras cousas, se indicaba o seguinte:

“Segunda. En data 11 de outubro de 2024 por esta secretaría emitíuse informe en relación ao expediente de contratación (CVD: OJbrGtMO/WXKOvr0Adx3) que se da por integramente reproducido en aras á brevidade e no que se ratifica a que subscribe, no que, polas consideracións que nel se conteñen informouse desfavorablemente o prego de cláusulas administrativas particulares nos extremos sinalados neles e o expediente de contratación.

(...)

CONCLUSIÓN: En atención ao exposto , infórmase desfavorablemente a adxudicación do contrato dos servizos de prevención de riscos laborais e medicina do traballo do Concello de Cambre”.

- Informe de data 23 de maio de 2025 emitido pola interventora municipal co asunto Informe Intervención referencia LMR “Prevención de riesgos laborais e medicina do traballo do Concello de Cambre” D / 2025 (CVD: GmSDYhgASYjhEQquxqG), no que se conclue o seguinte:

“Fiscalizado desfavorablemente CON efectos suspensivos por aplicación do artigo 216.2.c TRLFL: X*.B: tal e como advertín no meu informe referencia PREVENCIÓN DE RISGOS LABORAIS E MEDICINA DO TRABALLO DO CONCELLO DE CAMBRE” A / 2024, asinado o 16.10.2024 (CVD: k+33UefZQ1Rz5T6AhMEX) os reparos emitidos no citado documento, ao non ser solventados, teñen carácter suspensivo na fase de adxudicación do contrato”.

Os reparos formulados pola interventora municipal no seu informe de data 16 de outubro de 2024 (CVD: k+33UefZQ1Rz5T6AhMEX) aos que fai referencia o informe do pasado 23 de maio de 2025 (CVD: GmSDYhgASYjhEQquxqG) son os incluídos de seguido baixo as rubricas **X*C**, **X*E**, **X*F**, **X*G** e **X*H**.

De conformidade e aos efectos establecidos no artigo 15.2 do Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entides do Sector Público Local, teño que manifestar discrepancia respecto dos reparos suspensivos formulados pola interventora nos seus informes antes sinalado polos motivos que seguidamente se expoñen:

- **X*.C:** incumprimento do artigo 116.4. da LCSP xa que non se xustifican no expediente: 1) os criterios de solvencia, 2) a elección dos criterios que se terán en consideración para adxudicar o contrato, 3) as condicións especiais de execución do mesmo. Por outra banda, recórdase que a esixencia de adscrición dos medios persoais ou materiais deberá ser razoable, xustificada e proporcional á entidade e características do contrato, de forma que non limite a participación das empresas na licitación.

Non pode compartirse este extremo xa que no expediente quedan xustificadas os criterios de solvencia, a elección dos criterios que se terán en consideración para adxudicar o contrato e as condicións especiais de execución do contrato.

Con relación aos **criterios de solvencia**, na Memoria xustificativa do contrato, de data 10 de setembro de 2024 (CVD: KcrDVtlb9OxA23XDkJI1), se establecen con respecto á solvencia económica e financeira e técnica e profesional os requisitos mínimos por aplicación supletoria do establecido ao respecto das mesmas tanto na LCSP (art. 87.3.a) El criterio para la acreditación de la **solvencia económica y financiera** será el volumen anual de negocios del licitador o candidato, que referido al año de mayor volumen de negocio de los tres últimos concluidos deberá ser al menos una vez y media el valor estimado del contrato cuando su duración no sea superior a un año, **y al menos una vez y media el valor anual medio del contrato si su duración es superior a un año ... art. 89.3.)** En su defecto, la acreditación de la **solvencia técnica** se efectuará mediante la relación de los principales suministros efectuados, en los tres últimos años, de igual o similar naturaleza que los que constituyen el objeto del contrato, cuyo importe anual acumulado en el año de mayor ejecución sea igual o superior **al 70 por ciento de la anualidad media del contrato)** como no Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (art. 11.4.a) a) El criterio para la acreditación de la **solvencia económica y financiera** será el volumen anual de negocios del licitador o candidato, que referido al año de mayor volumen de negocio de los tres últimos concluidos deberá ser al menos una vez y media el valor estimado del contrato cuando su duración no sea superior a un año, **y al menos una vez y media el valor anual medio del contrato si su duración es superior a un año ... art. 11.4.b)** El criterio para la acreditación de la solvencia técnica o profesional será el de la experiencia en la realización de trabajos o suministros del mismo tipo o naturaleza al que corresponde el objeto del contrato, que se acreditará mediante la relación de los trabajos o suministros efectuados por el interesado en el curso de los cinco últimos años, o de los diez últimos años si se tratara de obras, en ambos casos correspondientes al mismo tipo o naturaleza al que corresponde el objeto del contrato, avalados por certificados de buena ejecución, y el requisito mínimo será que el importe anual acumulado en el año de mayor ejecución sea igual o superior **al 70% del valor estimado del contrato**, o de su anualidad media si esta es inferior al valor estimado del contrato). Estimase que, recoller no PCAP como requisitos de solvencia económica e técnica o que tanto a Lei de contratos como o

Regulamento Xeral da Lei definen como limiares aplicables no caso de non conter outra previsión o prego, explica e xustifica por si mesmo a escolla realizada. Pero ademais, tendo en conta a tipoloxía de servizos a prestar e o escaso importe do contrato (8.608,42 € anuais), iste non precisa dunha gran inversión inicial nin mobilización de recursos económicos por parte do contratista para afrontalo, polo que a solvencia económica indicada se considera proporcionada e suficiente, sen necesidade de incrementar nin diminuír tales cantidades. Por outra banda, o sector ao que pertencen os operadores que poden concorrer a esta contratación (os servizos de prevención alleo e de vixilancia da saúde), unido á tipoloxía e tamaño medio dos mesmos (mutuas e servizos de prevención laboral alleos con implantación rexional e nacional), apunta a que as empresas que poden participar neste tipo de licitacións non terán dificultade para alcanzar sistemáticamente un volumen de negocios unha vez e media a anualidade media do contrato. Baste con lembrar neste punto que o **Regulamento dos Servizos de Prevención, aprobado polo Real Decreto 39/1997, do 17 de xaneiro**, no seu artigo 23, ao regular os requisitos da acreditación das entidades especializadas como servizos de prevención alleos ás empresas, esixe o compromiso de ter suscrita unha póliza de seguro ou garantía financeira equivalente que cubra a súa responsabilidade, por unha contía mínima de 1.841.000 euros, efectiva no momento en que a entidade empece a prestar servizos. Esixir os limiares económicos e técnicos contemplados nesta contratación non debería excluír a empresas solventes e con experiencia no sector. Un volume anual de negocios igual a unha vez e media o valor anual medio do contrato para a solvencia económica e do 70% do mesmo para a solvencia técnica, semellan ser indicadores razoables das capacidades precisas para executar este tipo de contratacións. Non se restrinxen a competencia entre as empresas do sector, permitindo a participación dun abano amplo de licitadores que demostren unha capacidade financeira e técnica suficientes para a execución do contrato, sin poder considerarse estes importes unhas barreiras de entrada innecesarias.

O mesmo pode predicarse con respecto da **solvencia adicional** que, neste caso, ven condicionada en gran medida, tal e como xa se indicaba na previamente referida Memoria xustificativa do contrato, polo esixido nos artigos 17,18 e 37 do Real decreto 39/1997, de 17 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento dos Servizos de prevención. Neste sentido, o artigo 17 do devandito Regulamento establece os requisitos das entidades especializadas nos seguintes termos: "Requisitos de las entidades especializadas para poder actuar como servicios de prevención ajenos. 1. Podrán actuar como servicios de prevención ajenos las entidades especializadas que reúnan los siguientes requisitos: a) Disponer de la organización, las instalaciones, el personal y los equipos necesarios para el desempeño de su actividad. Respecto..." A continuación, no seu artigo 18 ven a concretar estes requisitos con respecto aos servizos de prevención, de onde saen xa parte dos medios persoais requeridos no contrato: "**Recursos materiales y humanos de las entidades especializadas que actúen como servicios de prevención ajenos. 1.** Las entidades especializadas acreditadas como servicios de prevención ajenos **deberán contar con las instalaciones y los recursos materiales y humanos que les permitan desarrollar adecuadamente la actividad preventiva** que hubieren concertado, teniendo en cuenta el tipo, extensión y frecuencia de los servicios preventivos que han de prestar, el tipo de actividad desarrollada por los trabajadores de las empresas concertadas y la ubicación y tamaño de los centros de trabajo en los que dicha prestación ha de desarrollarse, de acuerdo con lo que se establezca en las disposiciones de desarrollo de este real decreto. 2. En todo caso, dichas entidades deberán: a) Contar con las especialidades o disciplinas preventivas de medicina del trabajo, seguridad en el trabajo, higiene industrial, y ergonomía y psicología aplicada. b) **Disponer como mínimo de un técnico que cuente con la cualificación necesaria para el desempeño de las funciones de nivel superior**, de acuerdo con lo establecido en el capítulo VI, por cada una de las especialidades o disciplinas preventivas señaladas en el párrafo anterior, salvo en el caso de la especialidad de medicina del trabajo que exigirá contar, al menos, **con un médico especialista en medicina del trabajo o diplomado en Medicina de Empresa y un ATS/DUE de empresa**. Asimismo deberán disponer del personal necesario que tenga la capacitación requerida para desarrollar las funciones de los niveles básico e intermedio previstas en el capítulo VI, en función de las características de las empresas cubiertas por el servicio. Los expertos en las especialidades mencionadas actuarán de forma coordinada, en particular en relación con las funciones relativas al diseño preventivo de los puestos de trabajo, la identificación y evaluación de los riesgos, los planes de prevención y los planes de formación de los trabajadores. c) **Disponer para el desarrollo de las actividades concertadas de las instalaciones e instrumentación necesarias para realizar las pruebas, reconocimientos, mediciones, análisis y evaluaciones habituales en la práctica de las especialidades citadas**, así como para el desarrollo de las actividades formativas y divulgativas básicas, en los términos que determinen las disposiciones de desarrollo de este real decreto. 3. Sin perjuicio de la necesaria coordinación indicada en el apartado 2 de este artículo, la actividad sanitaria contará para el desarrollo de su función dentro del servicio de prevención con la

estructura y medios adecuados a su naturaleza específica y la confidencialidad de los datos médicos personales". Finalmente, o artigo 37 do Regulamento Xeral de Prevención, ao regular as funcións de nivel superior, correspondentes ás especialidades e disciplinas preventivas de medicina do traballo, seguridade no traballo, hixiene industrial, e ergonomía e sicosocioloxía aplicada que son obxecto desta contratación, indica o seguinte: "3. Las funciones de vigilancia y control de la salud de los trabajadores señaladas en el párrafo e) del apartado 1 serán desempeñadas por personal sanitario con competencia técnica, formación y capacidad acreditada con arreglo a la normativa vigente y a lo establecido en los párrafos siguientes: a) Los servicios de prevención que desarrollen funciones de vigilancia y control de la salud de los trabajadores **deberán contar con un médico especialista en Medicina del Trabajo o diplomado en Medicina de Empresa y un ATS/DUE de empresa**, sin perjuicio de la participación de otros profesionales sanitarios con competencia técnica, formación y capacidad acreditada. Deste xeito, da simple lectura do articulado do Regulamento, derivan gran parte das esixencias en canto aos recursos humanos precisos para desenvolver o contrato: un técnico/a de prevención de riscos laborais, un/unha médico/a especialista en medicina do traballo e un asistente técnico/a sanitario / diplomado/a universitario/a de enfermería de empresa. Completouse a esixencia de persoal con unha persoa que coordine a execución das prestacións do servizo de prevención e de vixilancia da saúde, chamada a actuar como interlocutora co Concello e que, en contratacións previas, foi un recurso indispensable para lograr unha óptima execución das prestacións que involucran a un elevado número de persoas. No referido á esixencia de contar cunhas instalacións a menos de 15 kilómetros do Concello (centro médico, con autorización da Consellería de Sanidade como centro para servizos sanitarios de atención ao persoal das empresas), no que se prestará o servizo de vixilancia da saúde, dotado das instalacións axeitadas e necesarias para a realización das actividades sanitarias que son obxecto do contrato, non se trata tampouco de ningunha decisión inxustificada e limitadora da concorrência. Nunha simple consulta do [Rexistro de centros, servizos e establecementos sanitarios de Galicia](#) no que se acoten os criterios de busca aos centros de titularidade privada que estean en concellos situados a menos de 15 quilómetros de Cambre (A Coruña, Arteixo, Bergondo, Betanzos, Cambre, Carral Culleredo, Oleiros, e Sada), e unha vez eliminados os servizos de prevención propios de empresas, resultan un total de 24 establecementos que cumpren con este requisito (Clínica Gaías Coruña, Clínica San Lorenzo, Consulta Médica Norprevención, HM Modelo - Belen, Servicio de Prevención Mgo by Westfield, Servicio sanitario Previsonor Coruña, Servicio sanitario Antea Prevención - deleg. A Coruña, Servicio sanitario Aspy Prevención da Coruña, Servicio sanitario Consultoría Integral de Prevención de Riesgos Laborales - Clínica Coruña (Clínica CIPRL), Servicio sanitario Ibermutua Gallega A Coruña, Servicio sanitario Ibersys A Coruña (Fistera), Servicio sanitario Mas Prevención A Coruña, Servicio sanitario Quironprevención A Coruña, Servicio sanitario Taprega Coruña Asistens, Servicio sanitario Vitaly Health Services - A Coruña, Valora Prevención, Clínica O Burgo Culleredo, Servicio sanitario Consultoría Integral de Prevención de Riesgos Laborales - Culleredo, Servicio sanitario Taprega Prevención de Riscos - Clínica O Burgo, Servicio sanitario de Intelectoma Arteixo, Ibersys Betanzos, Servicio sanitario Vitaly Health Services - Betanzos, Servicio sanitario Consultoría Integral de Prevención de Riesgos Laborales - Clínica Arteixo, Servicio sanitario - Taprega - Consultoría Integral de PRL - Sermupa (Clínica Oleiros) y Servicio sanitario Taprega Prevención de Riscos - Clínica Sermupa (Oleiros). Por tal razón, non se pode considerar que esta solvencia adicional, en canto á esixencia dun centro onde realizar a vixilancia da saúde que diste menos de 15 kilómetros da Casa Consistorial pode supoñer unha restricción á libre concorrência. Obviar este requisito podería levar a resultados cun significativo custo económico para o concello en termos de tempo adicional para desprazamentos e perda de horas de realización das tarefas propias dos postos de traballo do persoal obxecto de vixilancia da saúde. Así, de adxudicar o servizo a unha entidade que, en lugar de nun radio de 15 quilómetros, dispuxese dun centro nun radio de 30 kilómetros, suporía un tempo medio adicional por recoñecemento de, canto menos, 30 minutos para desprazamentos, o que, para un total estimado de 82 recoñecementos implicaría 2.460 minutos ou, o que o mesmo, 41 horas ou case 6 días de tempo de traballo perdido.

En canto á esixencia de xustificación e á proporcionalidades, resulta ilustrativo o contido do informe de secretaría de data 11 de outubro de 2024 ao respecto (CVD: OJbrGtMO/WXKOvr0Adx3), que ven a recoller a doutrina do Tribunal Central de Recursos Contractuais: "**La condición de que el criterio de solvencia sea proporcional al objeto del contrato es un concepto jurídico indeterminado, por lo que para conocer la admisibilidad del criterio concreto, es preciso examinar en cada caso si los parámetros establecidos en el pliego son objetivamente admisibles por guardar la debida proporcionalidad con el objeto del contrato**, sin que en abstracto pueda establecerse un porcentaje o cuantía que pueda concretar la proporcionalidad. La proporcionalidad viene dada por la relación entre lo que se exige como requisito de solvencia y la complejidad técnica del contrato y su dimensión económica u otras circunstancias semejantes, dado que una exigencia desproporcionada afectaría a la

concurrência empresarial en condicións de igualdade. Indica mais adiante que, “En tal sentido, o artigo 74.2 da LCSP refírese á proporcionalidade dos criterios de solvencia ao dispoñer que: “Os requisitos mínimos de solvencia que deba reunir o empresario e a documentación requirida para acreditarlos mesmos indicaranse no anuncio de licitación e especificaranse no prego do contrato, debendo estar vinculados ao seu obxecto e ser proporcionais ao mesmo” e a doutrina reiterada deste Tribunal (v.g. Resolución 205/2015, do 10 de xuno) que “na elección dos requisitos de solvencia hanse de conciliar os principios de liberdade de acceso as licitacións e de non discriminación, coa necesidade de garantir a boa marcha do contrato a través de adxudicatarios solventes. E por iso, que o criterio de solvencia escollido polo órgano de contratación ha de estar vinculado ao obxecto e contía do contrato e ser razoablemente necesario para alcanzar o bo fin deste sen que tampouco poida confundirse a discriminación co feito de que non todo licitador poida alcanzar o nivel de solvencia esixido”. Os criterios enunciados tanto con relación á solvencia económica e técnica como con relación á solvencia adicional se consideran, polo xa exposto, vinculados ao obxecto do contrato e proporcionais. Nun servizo de prevención de riscos laborais e vixilancia da saúde non parece que a esixencia dun médico/a especialista en medicina no traballo, dun ATS/DUE de empresa, dun técnico/a de prevención ou dunhas instalacións para prestar os servizos de vixilancia da saúde sexan alleos ao obxecto do contrato. Neste sentido, e seguindo co indicado no referido informe de Secretaría “Tal e como dispón o artigo 74.2 da LCSP, **os requisitos mínimos de solvencia deberán estar vinculados ao obxecto do contrato e ser proporcionais a este.** O citado precepto dispón que para contratar co sector público os empresarios deberán acreditar que posúen as condicións de solvencia económica e financeira e técnica ou profesional que se determinen polo órgano de contratación, requisito que será substituído pola clasificación cando sexa esixible por dita Lei. Os requisitos de solvencia non están dirixidos directamente a lograr a maior calidade posible nos traballos que constitúen o servizo, posto que esa función de establecer a calidade das prestacións de forma comparativa corresponde ou está asignada á valoración dos criterios de adxudicación establecidos, **mentres que o que ao poder adxudicador interesa desde a perspectiva da solvencia técnica ou profesional é que o licitador demostre que está en posesión dos medios de calquera clase que sexan necesarios para executar o contrato, xustificando os seus coñecementos, pericia, eficacia ou experiencia**”, se entende que estes criterios están vinculados ao obxecto da contratación, son proporcionais ao seu obxecto e non son discriminatorios xa que, tal e como se recolleu anteriormente, son moitos os operadores que estarían en condición de cumprilos sen supoñer restrición algunha de facto que limite o número de empresas que poidan concorrer á licitación. Non se entende polo tanto que nas condicións de solvencia anteriormente indicadas exista desproporcionalidade algunha ni afectación á concorrência empresarial en condicións de igualdade. Trátase de requirimentos mínimos e proporcionais ás necesidades, e non cabe tampouco a calificación de restrictivos, ao non esixirse a propiedade senón a mera dispoñibilidade no momento da execución dos medios materiais, que pode obterse de diferentes formas (alugueiros, UTEs, etc.), ou o simple documento asinado con cada un dos compoñentes do equipo de persoas que executarán o servizo, asumindo o compromiso de traballar neste no caso dos medios persoais, que deberán materializarse xa en contratacións en firme no momento da execución.

Tampouco pode considerarse como un requisito desproporcionado ou mesmo limitador da competencia a esixencia da habilitación empresarial o profesional precisa para a realización do contrato como entidades especializadas que ostenten a acreditación como servizo de prevención alleo coas especialidades de hixiene industrial e vixilancia da saúde con inscrición vixente no Rexistro da autoridade laboral correspondente, para a prestación das especialidades técnicas obxecto de contratación (ou a subcontratista, no seu caso) e para o ámbito territorial da prestación dos servizos (Comunidade Autónoma de Galicia), ao tratarse de autorizacións esixidas no artigo 31.5 da LPRL e nos artigos 17,18 e 19 do Real decreto 39/1997, de 17 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento dos Servizos de Prevención.

Polo que fai referencia aos criterios de adxudicación, estes quedan igualmente recollidos na Memoria xustificativa da contratación, de data 10 de setembro de 2024 (CVD: KcrDVtIb9OxA23XDkJ1), a partir dunha serie de principios básicos consagrados na LCSP:

- A adxudicación se realizará utilizando unha pluralidade de criterios de adxudicación baseados no principio de mellor relación calidade - prezo, propoñéndose como criterios para a adxudicación deste contrato **catro criterios distintos**:
 - o O prezo ofertado (49%).
 - o As melloras ofertadas (32%).

- o A existencia de medidas e sistemas tendentes a asegurar a calidade dos servizos e a seguridade da xestión dos datos (4%).
- o A calidade técnica da memoria de execución das actividades ofertadas (15%).
- Ao tratarse dun contrato de servizos do Anexo IV da LCSP, asignáronse ao criterio prezo 49 puntos (artigo 145.4 de la LCSP) e aos criterios relacionados coa calidade o 51% da puntuación.
- A anterior desagregación de criterios de adxudicación quedou recollida tanto na memoria xustificativa da contratación (CVD: NCFmCxnWu6G7zhtEyqJA) como no PCAP (CVD: 5JNTiMCjJzoP6nQV/Q5J).

Como aspecto previo hai que sinalar que, tanto o informe de Secretaría como o informe de Intervención, parten da consideración como mellora de criterios que non son enunciados como tales nin na Memoria xustificativa do contrato nin no PCAP. A partir de tal interpretación, que non pode ser compartida polo que mais adiante se dirá, avalíanse como melloras criterios que non o son, aplicando aos mesmos requisitos e condicións contractuais que son propios das melloras, o que induce a unhas conclusións erróneas, o que, canto menos metodolóxicamente, resulta discutible ao basearse un reparo suspensivo nun xuízo emitido a partir da interpretación dun criterio que non é unha mellora como si dunha mellora se tratase a todos os efectos. Non resulta posible compartir as apreciacións de que na memoria se incorporan extremos que constitúen melloras ao considerar aos aplicativos ou aos sistemas informáticos que permitan xestionar as actividades de formación, as citas, obter os resultados do recoñecementos médicos en formato electrónico e seguro e contar con recomendacións ou información adicional para os/as traballadores/as como unha mellora, nos tempos actuais, nos que a intelixencia artificial está chamada a xogar un papel cada día mais relevante e na que APPs como Sergas Móbil ou similares son unha realidade de uso cotiá para a maior parte da poboación. Tal consideración evidenciaría un descoñecemento elevado do estado da cuestión en canto a estas materias. Non poden considerarse como melloras prácticas que xa están asentadas como ferramentas de uso habitual e que calquera persoa que realice unha proba médica ou atenda unha consulta médica está acostumada a empregar. Polo contrario, si é posible avaliar a extensión e alcance dos servizos que podan prestarse a través desta ferramenta.

Os criterios establecidos son suficientemente transparentes, tanto na súa finalidade, como na vinculación co obxecto do contrato, como coa fórmula de puntuación, que é previamente coñecida polos licitadores. Nos documentos de contratación quedan recollidos, e explicados, os coeficientes de ponderación (49% prezo, 32% melloras, 4% sistemas de calidade e 15% calidade da memoria de execución do servizo), establecéndose os subcriterios de adxudicación igualmente de forma clara e indubitada. Así, **a puntuación do 49% do prezo** asignase mediante unha fórmula matemática. Pola súa banda, as melloras, se reparten entre o maior número de recoñecementos a realizar sobre o mínimo establecido no prego e na formación e sensibilización presencial en dependencias municipais. **O maior número de recoñecementos sobre o mínimo establecido no PPT** garda relación directa co obxecto do contrato. Tal e como se indica na Memoria xustificativa da contratación: “para la consecución de los objetivos de prevención y medicina del trabajo que se pretenden con la realización de esta contratación, por medio de este criterio se valora la ampliación en cuanto al número de reconocimientos médicos a realizar, dirigidos a incrementar el número de trabajadores/as municipales que puedan ser objeto de los mismos o, en su caso, a la realización de más de un reconocimiento médico por parte de cada trabajador/a durante la vigencia del contrato, mejorando así tasa de cobertura de las prestaciones y, por lo tanto, la calidad del contrato. La propuesta que oferte un mayor número de reconocimientos médicos a realizar superior al mínimo fijado en el PPT (82), recibirá los 22 puntos máximos de este subcriterio y, desde ahí, las restantes se valorarán proporcionalmente, de conformidad con la siguiente fórmula: $[Puntuación = (n^o \text{ reconocimientos médicos a realizar por la oferta evaluada} / n^o \text{ de reconocimientos médico a realizar por la oferta que presente un mayor } n^o \text{ de reconocimientos médicos a realizar sobre el mínimo fijado en el PPT}) * 22,00]$. En todo caso, el número máximo de reconocimientos médicos a realizar será de 100 unidades. O aumento de número de recoñecementos incide directamente no obxecto da contratación (servizo de prevención e medicina do traballo), ao ser parte estes imprescindibles da vixilancia da saúde, estando detallados os requisitos e condicións dos mesmos, coñecéndose de antemán o criterio a empregar e mesmo xustificándose no expediente a ponderación do criterio. Así, e aos efectos de cumprimentar co disposto no artigo 145.2.3º de la LCSP (Los criterios cualitativos deberán ir acompañados de un criterio relacionado con los costes el cual, a elección del órgano de contratación, podrá ser el precio...), se incorporou ao expediente a valoración económica das melloras obxecto de avaliación, asignándoselle ás mesmas unha puntuación proporcional ao seu peso con respecto do orzamento (estas melloras representaban unha porcentaxe do 21,95% do orzamento, asignándoselle unha puntuación máxima de 22 puntos). O incremento no número de recoñecementos aumenta a cobertura do servizo e, polo tanto, a súa calidade, coa

posibilidade de chegar a un número maior de potenciais persoas beneficiaria do servizo. Pode predicarse exactamente o mesmo da outra mellora proposta como criterio de adxudicación. **A formación e sensibilización presencial en dependencias municipais** garda relación directa co obxecto do contrato. Tal e como se indica na Memoria xustificativa da contratación: "el artículo 19 de la LPRL relativo a la formación de los trabajadores/as, indica que esta ha de ser teórica y práctica, suficiente y adecuada en materia preventiva, (no detalla ni desarrolla que es suficiente, ni que es adeudada, ni número de jornadas mínimas ni máximas), la formación deberá estar centrada específicamente en el puesto de trabajo o función de cada trabajador, adaptarse a la evolución de los riesgos y a la aparición de otros nuevos y repetirse periódicamente. Además indica que dicha formación se podrá impartir por la empresa mediante medios propios o concertados con servicios ajenos, y su coste no recaerá en ningún caso sobre los/as trabajadores/as. Dado que los servicios de prevención ajenos no tienen la obligación de impartir las jornadas de formación en las instalaciones del cliente, y lo habitual viene siendo que se impartan en sus propias aulas, (en especial los primeros auxilios), o a distancia, tal y como se recoge por otra parte en el PPT, se valora como mejora que en dichas jornadas sea el/la docente de la empresa del servicio de prevención ajeno quién se desplace con los medios y equipos necesarios a las instalaciones municipales, garantizando la correcta impartición de las mismas, de manera que el Ayuntamiento de Cambre no asuma los costes económicos de los desplazamientos de los/as trabajadores/as a las instalaciones del servicio de prevención ajeno y se compensen los tiempos de desplazamiento. Al mismo tiempo, la realización de jornadas de información y sensibilización en materia de enfermedades (comunes o profesionales) y/o hábitos tóxicos, primeros auxilios, higiene industrial, prevención de riesgos, resulta otro elemento que debe de considerarse. La duración mínima de las jornadas de formación o sensibilización será de 2 horas. La propuesta que oferte un mayor número de horas formativas y/o de sensibilización presenciales a realizar, recibirá los 10 puntos máximos de este subcriterio y, desde ahí, las restantes se valorarán proporcionalmente, de conformidad con la siguiente fórmula: $[Puntuación = (n^o \text{ horas presenciales de formación y/o de sensibilización a realizar por la oferta evaluada} / n^o \text{ horas de formación y/o sensibilización presenciales a realizar por la oferta que presente un mayor n^o de horas de formación y/o sensibilización presencial}) * 10,00]$. En todo caso, el número máximo de horas presenciales de formación y/o de sensibilización a realizar será de 10. A inclusión de formación presencial en dependencias municipais en materia de prevención e vixilancia da saúde, garda relación directa co obxecto da contratación (servizo de prevención e medicina do traballo), ao ser un complemento imprescindible da prevención e da mellora da saúde dos/as traballadores/as, estando detallados os requisitos e condicións da mesma, coñecéndose de antemán o criterio a empregar e mesmo xustificándose no expediente a ponderación deste. Así, e aos efectos de cumprimentar co disposto no artigo 145.2.3º de la LCSP (Los criterios cualitativos deberán ir acompañados de un criterio relacionado con los costes el cual, a elección del órgano de contratación, podrá ser el precio...), se incorporou ao expediente a valoración económica das melloras obxecto de avaliación, asignándoselle ás mesmas unha puntuación proporcional ao seu peso con respecto do orzamento (estas representaban unha porcentaxe do 10,51% do orzamento, asignándoselle unha puntuación máxima de 10 puntos). A formación e sensibilización en materia de prevención e saúde laboral en dependencias municipais, mellora a calidade das prestacións, evitando desprazamentos, acercando a formación ás persoas destinatarias da mesma e beneficiando, en definitiva, as condicións de traballo do persoal.

As melloras están fixadas de xeito ponderado, con concreción dos requisitos, límites, modalidades e características das mesmas, estando vencelladas directamente co obxecto do contrato e cumpren co disposto na LCSP.

Con respecto ao seguinte criterio de adxudicación, a existencia de medidas e sistemas tendentes a asegurar a calidade dos servizos e a seguridade da xestión dos datos, estes quedan claramente especificados nos documentos de contratación e gardan igualmente relación directa co obxecto do contrato, toda vez que este versa sobre prevención de riscos e vixilancia da saúde, o que implica necesariamente o manexo de datos que precisan dun tratamento cuidadoso por parte dos contratistas. **Non se trata de melloras.** Se valora a existencia de sistemas dos que o adxudicatario dispoña para asegurar a calidade dos servizos e a seguridade da xestión dos datos, valorando, en primeiro termo, a existencia dun certificado de sistema de xestión da seguridade da información conforme á norma ISO 27001. Garda isto relación co obxecto do contrato? Indudablemente si. Basta con consultar a información da Asociación Española de Normalización e Certificación Nacional para ver que a ISO 27001 permite certificar que os sistemas de xestión da seguridade da información son o medio máis eficaz de minimizar os riscos, ao asegurar que se identifican e valoran os procesos de negocio e/ou servizos de tecnoloxías de información e os seus riscos, considerando o impacto para a organización, e se adoptan os controis e

procedementos máis eficaces e coherentes coa estratexia de negocio, considerando a mellora continua. Este estándar de certificación é habitual no sector dos centros sanitarios de calquer tamaño e especialidade. **Estes sistemas permiten garantir a confidencialidade, asegurando que soamente as persoas autorizadas poidan acceder á información, a súa integridade, asegurando que a información e os seus métodos de proceso son exactos e completos, e a súa dispoñibilidade, asegurando que os/as usuarios/as autorizados teñen acceso á información cando o requiran.** Entre as súas vantaxes, enuméranse a integración da xestión de riscos de seguridade da información e privacidade aplicando mellora continua, que alinea os sistemas de xestión coa lei/normativa en materia de protección de datos do país correspondente, en Europa co RGPD e en España coa LOPDGGD, que reforza o principio de responsabilidade proactiva (accountability) na organización, ao poder demostrar que se dispón dunha certificación que axuda ao cumprimento da lexislación de protección de datos, que implementa mecanismos e controis eficaces para a notificación de incidencias/brechas de seguridade/privacidade e que opera como posible moderadora das sancións económica ante un incumprimento en materia de protección de datos. Sen dúbida algunha, garantir estes aspectos nun servizo de prevención e, máis aínda, nun servizo de vixilancia da saúde, onde se manexan datos especialmente sensibles, constitúe un elemento avaliable. Trátase dun sistema de xestión da seguridade da información, non dun certificado de calidade nin de xestión ambiental, como de forma errónea queda recollido tanto no informe de Secretaría como nalgúnhas das resolucións que se invocan ao respecto no mesmo, nos que se fala de certificados de calidade, meidoambientais e mesmo da norma ISO 9001 (sistema de xestión da calidade), podendo ser empregado esta certificación nun sistema xestión da información como criterio de adxudicación ao vir referido a unha característica da prestación en si mesma (a seguridade da información e dos datos), que permite efectuar unha avaliación comparativa do nivel de rendemento de cada oferta respecto do obxecto do contrato, o que significa que repercutirá no resultado da específica prestación, permitindo unha avaliación comparativa das ofertas respecto da súa calidade intrínseca, tal e como esixe a Directiva 24/2014 no seu Considerando 92. Trátase dunha condición vinculada á apreciación da aptitude dos licitadores para executar o contrato dunha forma máis satisfactoria para a Administración. Estas prestación, en definitiva, será determinante dunha mellor oferta para a calidade da prestación do servizo. O mesmo pode predicarse con respecto á adaptación ao Esquema Nacional de Seguridade. A súa inclusión obedeceu a que se considerou axeitado e conveniente que as empresas licitadoras estiveran en situación de acreditar esta conformidade nas súas ofertas, por contribuír a mellorar a calidade da prestación. Estimouse un condicionante proporcionado dado o obxecto do contrato e que cumpría cos requisitos básicos dos criterios de valoración das ofertas, de acordo con establecido no artigo 145 da LCSP. A existencia da posibilidade de verificar on line as entidades e empresas certificadas, o nivel de certificación e o alcance das mesmas, en canto ao número de procesos incluídos, dotaba a este criterio dunha transparencia e obxectividade total <https://ens.ccn.cni.es/es/certificacion> Por outra banda, a realización por parte do servizo propoñente dunha análise previa onde se determinasen as medidas de seguridade que debían executarse durante a vida do contrato en función da natureza dos servizos prestados e en base ao dito análise, determinar se se debía esixir o cumprimento dos requisitos contemplado no ENS e en qué nivel do mesmo que se refire no informe de Secretaría, superan as capacidades da área e se ven dificultadas ademais pola ausencia da figura do/a delegado/a de prevención na materia.

Finalmente, e con relación á calidade técnica da memoria, quedan definidos perfectamente os parámetros obxecto de avaliación, sen que poda compartirse as aseveración relativas ao grado de concreción esixible aos pregos e permiten aos licitadores efectuar as súas ofertas e coñecer de antemán cales van ser os criterios que vai utilizar o órgano de contratación para determinar a oferta economicamente máis vantaxosa. Tal é así que, incluso na cláusula 14 do PCAP se establecen os contidos mínimos da memoria axustados aos criterios de valoración da mesma que, por outra banda, quedan desagregados de forma que non permitan unha aplicación suxeita á subxectividade:

“Memoria de ejecución de las actividades ofertadas conforme al siguiente esquema:

- Descripción de los servicios de prevención y vigilancia de la salud ofertados.
- Propuesta de actividades formativas ofertadas.
- Descripción de los aplicativos o sistemas informáticos ofertados para gestionar las actividades de formación y los servicios de prevención y vigilancia de la salud”.

A partir do esquema anterior, se procura unha asignación de valores obxectiva e proporcional, para un máximo do 15% da puntuación, establecendo parámetros, na medida do posible, facilmente obxectivos ou traducibles nun simple “cumple / non cumple”:

“Calidad técnica de la memoria de ejecución de las actividades ofertadas (15%), Se valorará particularmente el detalle, alcance y adecuación a las necesidades del Ayuntamiento de la propuesta de servicios de prevención y vigilancia de la salud ofertadas y de las actividades formativas, así como la disponibilidad de aplicativos o sistemas informáticos que permitan gestionar la formación ofertada, las citas, obtener los resultados de los reconocimientos médicos en formato electrónico de manera segura y contar con recomendaciones o información adicional para los/as trabajadores/as a partir de los resultados de sus reconocimientos, de conformidad con el siguiente desglose:

- Detalle, alcance y adecuación a las necesidades del Ayuntamiento de la propuesta de servicios de prevención y vigilancia de la salud ofertadas: hasta 3,0 puntos. En concreto, será objeto de valoración:
 - o La existencia de un cronograma detallado: hasta 1 punto.
 - o La existencia de un procedimiento de comunicación y citación a los/as trabajadores/as que vayan a ser objeto de reconocimiento médico en el cual se especifiquen los horarios previstos de atención y la concentración en franjas horarias que minimicen el impacto en la prestación de los servicios, así como la descripción de la mecánica existente para la concertación de nuevas citas para la reprogramación de las canceladas/anuladas: hasta 2 puntos.
- Detalle, alcance y adecuación a las necesidades del Ayuntamiento de la propuesta de actividades formativas ofertadas: hasta 3,0 puntos. En concreto, será objeto de valoración el número de acciones formativas puestas a disposición del Ayuntamiento y la variedad del catálogo de contenidos/cursos.
- La disponibilidad de aplicativos o sistemas informáticos que permitan gestionar las actividades de formación ofertadas, las citas, obtener los resultados de los reconocimientos médicos en formato electrónico de manera segura y contar con recomendaciones o información adicional para los/as trabajadores/as a partir de los resultados de los sus reconocimientos: hasta 9 puntos. En concreto, será objeto de valoración:
 - o La plataforma de formación puesta a disposición del Ayuntamiento para gestionar las acciones formativas ofertadas (número de licencias y funcionalidades ofertadas): hasta 2 puntos.
 - o La existencia de un aplicativo informático que permita gestionar las citas para los reconocimientos: hasta 1 punto.
 - o La existencia de un aplicativo informático que permita descargar los resultados de los reconocimientos: hasta 2 puntos.
 - o La existencia de un aplicativo informático que permita obtener recomendaciones o información adicional para los/as trabajadores/as a partir de sus reconocimientos: hasta 4 puntos.

A adxudicación do contrato, polo tanto, efectúase baseándose en criterios obxectivos que garanten o respecto aos principios de transparencia, non discriminación e igualdade de trato, así como a avaliación das ofertas en condicións de concorrência competitiva. Estes criterios de adxudicación permiten comparar as ofertas e avalialas de forma obxectiva, xa que están definidos con total precisión, indicando o que se terá en conta para asignar as puntuacións (en cada un dos subapartados en que se dividen, no seu caso), isto é, o que se terá en consideración á hora de proceder a avaliación, especificándose os mecanismos e parámetros que determinan a progresividade das puntuacións a outorgar para limitar posibles excesos de discrecionalidade, o que ademais serve de orientación aos licitadores á hora de formular as súas ofertas e de base obxectiva para outorgar unha puntuación concreta.

Non pode polo anteriormente indicado compartirse as afirmacións de que non queda xustificade no expediente que os criterios que figuran nos pregos non proporcionen aos empresarios acceso en condicións de igualdade ao procedemento de contratación e que teñan por efecto a creación de obstáculos inxustificade á apertura da contratación pública á competencia.

En canto ás condicións especiais de execución, para dar por rematada a resposta ao primeiros dos incumprimentos enunciados no informe de Intervención, quedan recollidas na memoria xustificativa do contrato cales serán as condicións especiais de execución establecidas, de forma análoga ao que viña facéndose noutras contratacións:

a) La entidad adjudicataria estará obligada a respetar las condiciones salariales y laborales fijadas en el convenio colectivo de referencia para el personal asignado a la ejecución del presente contrato.

b) El adjudicatario gestionará los residuos generados durante la ejecución del contrato y garantizará su correcta gestión, contribuyendo con ello al mantenimiento de los valores medioambientales que puedan verse afectados por la ejecución del contrato”.

De forma complementaria ao anterior, e de conformidade ao establecido no artigo 202.1. da LCSP (“Asimismo en los pliegos correspondientes a los contratos cuya ejecución implique la cesión de datos por las entidades del sector público al contratista será obligatorio el establecimiento de una condición especial de ejecución que haga referencia a la obligación del contratista de someterse a la normativa nacional y de la Unión Europea en materia de protección de datos, advirtiéndose además al contratista de que esta obligación tiene el carácter de obligación contractual esencial de conformidad con lo dispuesto en la letra f) del apartado 1 del artículo 211”), queda incorporada nas cláusulas 24.2.1. e 24.2.2. do PCAP a necesidade de que a empresa adxudicataria cumpra coas obrigas legais en materia de protección de datos de carácter persoal establecidos na normativa nacional e da Unión Europea (24.2.1. De conformidad con lo establecido en el art. 35 apartado 1 letra d) y en la Disposición Adicional vigésimo quinta de la LCSP, la empresa adjudicataria se obliga a cumplir todas las obligaciones legales en materia de protección de datos de carácter personal establecidos en la normativa nacional y de la Unión Europea en cuanto a protección de datos vigente y, particularmente, lo establecido en el Reglamento UE 2016/679 del Parlamento Europeo y del Consejo de 27 de abril de 2016 relativo a la protección de las personas físicas en lo que respecta al tratamiento de sus datos personales y a la libre circulación de estos datos, así como a la Ley orgánica 3/2018 de 5 de diciembre, de protección de datos personales y garantía de los derechos digitales, y demás normativa de aplicación. 24.2.2. Información sobre tratamiento de los datos personales contenidos en este contrato y los necesarios para su tramitación: La empresa adjudicataria se deberá comprometer a respetar el secreto profesional relacionado con la información que conozca por razón de los servicios prestados al Ayuntamiento de Cambre, estando sujeta al deber de confidencialidad al que se refiere el artículo 5.1 f) del Reglamento (UE) 2016/679 y el artículo 5 de la Ley Orgánica 3/2018, de 5 de diciembre, de Protección de datos personales y garantía de los derechos digitales).

Non pode compartirse a idea de que non estea xustificada a inclusión destas condicións especiais de execución de conformidade co artigo 116 da LCSP. As condicións persiguen obxectivos de interese público (social e medioambiental), están directamente relacionadas coa forma en que vai executarse o contrato, son proporcionais e non discriminatorias. A LCSP busca ir mais aló da simple adquisición de bens ou servizos, utilizando a contratación pública como unha ferramenta para alcanzar obxectivos mais ambiciosos de sostenibilidade e responsabilidade social.

Incluir o respecto das condicións salariais e laborais fixadas no **convenio colectivo de referencia** é moi frecuente e está plenamente xustificado polo seguinte:

- Pola **finalidade social** das mesmas: a LCSP fomenta a inclusión de consideracións sociais na contratación, e garantir unhas condicións de traballo dignas e xustas é un obxectivo social primordial. Asegurar que o persoal que executa o contrato reciba o salario e goce das condicións establecidas no convenio colectivo aplicable evita a precariedade laboral.
- Pola súa **vinculación co obxecto do contrato**: aínda que estamos ante un contrato de servizos, a calidade da prestación de prevención de riscos laborais e de vixilancia da saúde está intrinsecamente ligada á cualificación e benestar do persoal que a realiza. Un persoal con condicións laborais estables e xustas tende a estar máis motivado e produtivo, o que repercute directamente na calidade e eficacia do servizo prestado. Se os traballadores e traballadoras non teñen unhas condicións dignas, o seu rendemento e compromiso poderían verse afectados, comprometendo a calidade da atención e a finalidade do contrato.
- Por servir para a **prevención da fraude e competencia desleal**: esta condición axuda a prever que as empresas liciten á baixa, ofrecendo condicións laborais precarias ou incumprindo os convenios, o que distorsiona a competencia e prexudica ás empresas que si cumpren coas súas obrigas laborais.
- Por proporcionar **seguridade xurídica**: ao establecer de forma clara que debe respectarse o convenio colectivo, dáselle maior seguridade xurídica aos licitadores, que saben a que deben de atenerse en materia de custes laborais e de condicións para o seu persoal.

Incluir unha **correcta xestión dos residuos xenerados durante a execución do contrato** tamén se considera perfectamente lóxica e xustificada polo seguinte:

- Pola **finalidade ambiental** das mesmas: a LCSP promove activamente a incorporación de consideracións ambientais nos contratos públicos. A correcta xestión dos residuos é un elemento fundamental da sustentabilidade e da protección do medio ambiente. Un contrato de prevención de riscos e vixilancia da saúde, se ben non xenera unha grande cantidade de residuos directamente nos seus servizos principais, si é susceptible de xerar unha considerable cantidade de residuos derivados da súa execución (por exemplo, materiais de oficina, equipos de protección, material sanitario desbotable, etc.).
- Pola súa **vinculación co obxecto do contrato**: aínda que non sexa o fin principal do contrato, a execución de calquera actividade leva consigo a xeración de residuos. A forma en que se xestionan estes residuos (separación, reciclaxe, eliminación adecuada) é unha parte inherente e esencial dunha execución **responsable e sustentable** do contrato. Se o contratista non xestiona axeitadamente os residuos, podería xerar un impacto negativo no medio ambiente ou mesmo incumplir normativas específicas.
- Pola **promoción da economía circular**: ao esixir unha xestión adecuada de residuos (reutilización, reciclaxe) se fomentan principios da economía circular, minimizando o impacto ambiental e optimizando o uso de recursos.
- Pola **responsabilidade do órgano de contratación**: xa que o poder adxudicador ten a responsabilidade de garantir que os contratos que adxudica se executen de maneira que se respecten os principios de sustentabilidade e protección do medio ambiente. Ao establecer esta condición, o órgano de contratación asegúrase de que o adxudicatario asuma esta responsabilidade.

Finalmente, referir á obriga da empresa adxudicataria de cumprir coas obrigas legais en materia de protección de datos de carácter persoal establecidos na normativa nacional e da Unión Europea especificamente no clausulado do PCAP:

- **Proporciona confianza e seguridade ás persoas destinatarias das prestacións**: a xestión de datos de saúde é extremadamente sensible. A confianza do persoal en que os seus datos serán tratados de forma segura e confidencial é crucial. Ao establecer esta cláusula, garantízase que o prestador do servizo cumpre cos máis altos estándares de seguridade e confidencialidade, protexendo os dereitos fundamentais das persoas.
 - **Minimiza riscos legais e reputacionais**: xa que unha xestión deficiente da protección de datos pode derivar en graves sancións económicas para as empresas e o propio Concello, ademais de causar un considerable dano reputacional. Ao incluír esta cláusula se mitigan estes riscos, asegurándose de que o adxudicatario ten os medios e procedementos adecuados para protexer os datos e responder ante posibles incidencias de seguridade.
 - **Dota de calidade ao servizo**: a protección de datos forma parte da calidade dun servizo. Un enfoque proactivo e o cumprimento rigoroso da normativa reflicten unha xestión profesional e responsable. Nun contrato de prevención e vixilancia da saúde, isto é vital, xa que o acceso a información médica require unha dilixencia extrema.
 - **Está vinculado co obxecto do contrato**: nun contrato de prevención de riscos e vixilancia da saúde, a recollida, almacenamento e tratamento de datos médicos e persoais do persoal é unha parte intrínseca e ineludible do servizo. A forma en que se protexen eses datos está directamente vinculada coa execución do contrato, xa que non se pode executar o servizo sen tratar datos persoais, e non se poden tratar datos persoais sen cumprir coa normativa de protección de datos.
- **X*.E:** incumprimento de artigo 126 LCSP xa que non se xustifica no expediente que os criterios que figuran no Prego de Prescricións Técnicas proporcionan aos empresarios acceso en condicións de igualdade ao procedemento de contratación e non teñen por efecto a creación de obstáculos inxustificables á apertura da contratación pública á competencia.

Con relación a esta observación, se entende que a mesma responde a que no PPT, obxecto de regulación no artigo 123 e seguintes da LCSP, se reproducen os criterios de adxudicación do contrato (cláusula 6) e os medios persoais e materiais necesarios para a súa execución (cláusula 7), ao respecto dos que as observacións sobre proporcionar acceso ao procedemento en condicións de igualdade e a ausencia de creación de obstáculos inxustificables á apertura da contratación pública á competencia xa quedaron contestadas no epígrafe anterior e sobre as que se manteñen as mesmas consideracións. O resto de cuestións contidas no PPT fan referencia a

aspectos técnicos relacionados coa prestación do servizo e coas características do mesmo, que en ningún momento poden considerarse obstáculos inxustificables á contratación e á competencia nin impiden o acceso en condicións de igualdade aos operadores, sino que definen os detalles, alcances e contidos das prestacións obxecto de contratación:

2. Características de los servicios

1. Servicio de prevención de riesgos laborales (especialidades de seguridad en el trabajo, higiene industrial y ergonomía y psicología aplicada).

1.1. Seguridad en el trabajo,

- a) Identificación y evaluación de riesgos generales y específicos de los puestos de trabajo y propuesta de medidas correctoras.
- b) Planificación de actividades preventivas que se deriven de las evaluaciones de riesgos o de las visitas para seguimiento y verificación del grado de implementación de las actividades preventivas.
- c) Control, seguimiento y verificación, mediante visitas a los lugares y puesto de trabajo, del grado de cumplimiento de la planificación de medidas preventivas y correctoras.
- d) Inspección de la seguridad mediante visitas a los lugares y puestos de trabajo,

1.2. Higiene industrial

- a) Evaluación específica de riesgos relacionados con las condiciones ambientales de trabajo y factores de riesgo de enfermedades a través de la medición ambiental y/o personal y análisis de los contaminantes físicos, químicos y biológicos.
- b) Propuesta de planificación de las actividades preventivas necesarias para controlar los riesgos para la salud derivados de los agentes físicos, químicos y biológicos.
- c) Mediciones de los contaminantes según la legislación vigente y con equipos o instrumentos debidamente calibrados y/o homologados.

1.3. Ergonomía y psicología aplicada.

2. Vigilancia de la salud

2.1. Colectiva

- a) Información de los/as trabajadores/as en materia de primeros auxilios.
- b) Información a los/as trabajadores/as en riesgos específicos con relevancia en sus aspectos sanitarios.
- c) Vigilancia epidemiológica.
- d) Participación en el Comité de Seguridad e Higiene, cuando sea requerida su presencia.
- e) Asesoramiento sanitario.
- f) Estudio de contactos con tuberculosis en el entorno laboral, en caso de detección.

2.2. Individual Reconocimientos médicos de los/as trabajadores/a

3. Formación e información a los/as trabajadores/as

- **X*.F:** incumplimento do artigo 145.5 LCSP xa que deben xustificarse adecuadamente os criterios de adjudicación elixidos e en qué medida garanten unha mellor relación calidade - prezo na prestación. De feito cabe recordar que o Consello de Contas de Galicia no seu informe de 28 de decembro de 2023 indicou que “O incumplimento polo órgano de contratación do deber de xustificar a elección dos criterios, ademais de restar obxectividade e transparencia ao proceso de selección da mellor oferta, constitúe un risco de anulación do procedemento”.

Tal e como se indicou xa na resposta á primeira das observacións, os criterios de adjudicación están vinculados ao obxecto do contrato, no sentido expresado no artigo 145.6 LCSP, se formularon de maneira obxectiva, con pleno respecto aos principios de igualdade, non discriminación, transparencia e proporcionalidade, e non confiren ao órgano de contratación unha liberdade de decisión ilimitada, garantindo a posibilidade de que as ofertas sexan

avaliadas en condicións de competencia efectiva e van acompañados de especificacións que permitan comprobar de maneira efectiva a información facilitada polos licitadores co fin de avaliar a medida en que as ofertas cumpren os criterios de adxudicación. Todo isto, coa finalidade de lograr unha mellor relación calidade – precio da prestación. As melloras establecidas como criterio de adjudicación están suficientemente especificadas, fixéronse de maneira ponderada, con concreción, especificándose os requisitos, límites, modalidades e características das mesmas, así como a súa necesaria vinculación co obxecto do contrato. O mesmo sucede con respecto á calidade da memoria técnica.

Xa se indicou, igualmente no apartado primeiro, en qué medida os criterios de adxudicación permiten lograr unha mellor relación calidade - prezo na prestación. De forma directa aparece recollido en canto as melloras. Ao engadirse un maior número de recoñecementos, se incrementa a taxa de cobertura desta prestación e mesmo, para aqueles casos que así o precisasen, se abre a posibilidade de efectuar mais de unha revisión ao ano por persoa, o que, sin dúbida algunha, suporía unha maior calidade e extensión do servizo. Poder realizar mais recoñecementos médicos ou reducir a periodicidade dos mesmos afecta directísimamente á calidade do servizo. En canto a outra das melloras, a que versa sobre a realización da formación en materia de prevención e sobre saúde laboral das persoas traballadoras nas dependencias municipais, isto supón, en primeiro termo, uns menores custes para o Concello. Reduce as limitacións ou inconvenientes que o desprazamento as instalacións do provedor pode supoñer para o persoal que asista a formación, mortivando a participación activa. Ademais, as restriccións da formación on line para determinadas cuestións (como por exemplo, os primeiros auxilios), se ven eliminadas por medio desta mellora, o que redundará nunha maior calidade da formación e suporá, sen dúbida algunha, a obtención dun maior valor polo diñeiro investido polo Concello no contrato. Do mesmo xeito, a calidade da memoria técnica serve como indicador do grado de excelencia do servizo proposto, das características das prestacións ofertadas e permitirá avaliar o resultado final desta actuación, de conformidade co establecido, entre outras disposicións, no artigo 3 da Lei 40/2015 de réximen xurídico do sector público, que ao enunciarse os seus principios xerais, e tras promulgar que as administracións públicas serven con obxetividade aos intereses xerais e actúan de acordo cos principios de eficacia, xerarquía, descentralización, desconcentración e coordinación, con sometemento pleno á Constitución, á Lei e ao Dereito, deben respectar na súa actuación e relacións unha serie de principios, entre os que está o de **planificación e dirección por obxectivos e control da xestión e avaliación dos resultados das políticas públicas**.

- **X*.G:** por mellora hai que entender todo aquilo que perfecciona a prestación do contrato sen que veña esixido ou determinado nas prescricións que definen o obxecto do mesmo. É imprescindible, en consecuencia, a súa vinculación ao obxecto da prestación (obxectividade) e a xustificación de en que mellora, porqué mellóralo, e conforme que criterios valóranse tales circunstancias. Apréciase o incumprimento do artigo 145.7 LCSP por canto o PCA debe detallar as condicións e requisitos de presentación das melloras en aras do principio de igualdade dos licitadores polo tanto, o grao de concreción esixible aos pregos é aquel que permita aos licitadores efectuar as súas ofertas coñecendo de antemán cales van ser os criterios que vai utilizar o órgano de contratación para determinar a oferta economicamente máis vantaxosa. A finalidade é garantir a obxectividade da Administración na selección do contratista, así como a igualdade de trato entre os licitadores e a transparencia do procedemento.

Con respecto a esta consideración, reiterase o indicado no apartado primeiro deste informe. Os criterios definidos como melloras na Memoria e trasladados ao PCAP quedaron fixados de feito análogo ao realizado noutros expedientes previamente, configurando un procedemento cunha pluralidade de criterios de adxudicación, de aplicación automática uns, sometidos a xuízo de valor outros. Estes están vinculados ao obxecto do contrato, no sentido expresado no artigo 145.6 LCSP, se formularon de maneira obxectiva, con pleno respecto aos principios de igualdade, non discriminación, transparencia e proporcionalidade, e non confiren ao órgano de contratación unha liberdade de decisión ilimitada, garantindo a posibilidade de que as ofertas sexan avaliadas en condicións de competencia efectiva e van acompañados de especificacións que permitan comprobar de maneira efectiva a información facilitada polos licitadores co fin de avaliar a medida en que as ofertas cumpren os criterios de adxudicación. As melloras establecidas como criterio de adxudicación están suficientemente especificadas, fixéronse de maneira ponderada, con concreción, especificándose os requisitos, límites, modalidades e características das mesmas, así como a súa necesaria vinculación co obxecto do contrato. Estas melloras permiten lograr unha mellor relación calidade - prezo na prestación ao engadir un maior número de

recoñecementos ou ao supoñer a realización da formación en materia de prevención nas dependencias municipais a obtención dun maior valor polo diñeiro investido polo Concello no contrato.

- **X*.H:** incumprimento do artigo 149.4 da LCSP xa que para o cálculo das ofertas incursas en presunción de anormalidade non se teñen en conta a totalidade de criterios de adxudicación de apreciación automática. Asemade, a aplicación práctica da cláusula 16.4.1 PCA poderíanos levar a situacións tan absurdas como que un licitador que ofertase o prezo de 1,00 € non estivese en baixa temeraria se as melloras que oferta non superan o 75% do promedio medio da puntuación obtida polo resto dos licitadores para dito criterio.

En primeiro termo, constatar que a referencia normativa non é correcta, xa que debería referirse ao artigo 149.2 da LCSP e non ao 149.4 do mesmo texto legal, no que se regula outro aspecto con relación ás ofertas anormalmente baixas.

Feita a apreciaición anterior, o artigo 149 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público ven a establecer a forma en que deben establecerse os parámetros que permitan identificar os casos nos que unha oferta se considere normal:

“Artículo 149. Ofertas anormalmente bajas.

- 1. En los casos en que el órgano de contratación presuma que una oferta resulta inviable por haber sido formulada en términos que la hacen anormalmente baja, solo podrá excluirla del procedimiento de licitación previa tramitación del procedimiento que establece este artículo.*
- 2. La mesa de contratación, o en su defecto, el órgano de contratación deberá identificar las ofertas que se encuentran incursas en presunción de anormalidad, debiendo contemplarse en los pliegos, a estos efectos, los parámetros objetivos que deberán permitir identificar los casos en que una oferta se considere anormal. La mesa de contratación, o en su defecto, el órgano de contratación realizará la función descrita en el párrafo anterior con sujeción a los siguientes criterios:*

a) Salvo que en los pliegos se estableciera otra cosa, cuando el único criterio de adjudicación sea el del precio, en defecto de previsión en aquellos se aplicarán los parámetros objetivos que se establezcan reglamentariamente y que, en todo caso, determinarán el umbral de anormalidad por referencia al conjunto de ofertas válidas que se hayan presentado, sin perjuicio de lo establecido en el apartado siguiente.

b) Cuando se utilicen una pluralidad de criterios de adjudicación, se estará a lo establecido en los pliegos que rigen el contrato, en los cuales se han de establecer los parámetros objetivos que deberán permitir identificar los casos en que una oferta se considere anormal, referidos a la oferta considerada en su conjunto”.

En diferente ocasións, tanto o Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais como a Xunta Consultiva de Contratación Pública do Estado teñense pronunciado sobre esta cuestión. Así, a Xunta Consultiva de Contratación Pública do Estado, no seu informe 113/2018 ven a establecer o seguinte:

“Ahora bien, cuando se utilicen una pluralidad de criterios de adjudicación, incluyendo los dependientes de un juicio de valor, no resulta necesario con arreglo al artículo 149.2 b) que los parámetros objetivos se establezcan respecto de todos los diferentes criterios de adjudicación, sino que es posible que se limiten sólo a varios de ellos (cuando el resto de los criterios no se consideren relevantes a los efectos de determinar la temeridad) y siempre que se cumpla escrupulosamente la exigencia del precepto citado con anterioridad, de modo que los parámetros objetivos que deberán permitir identificar los casos en que una oferta se considere anormal, deben quedar referidos a la oferta considerada en su conjunto.

Esta conclusión obedece a las siguientes razones:

...

- ***Finalmente, si esa visión de conjunto se refiere a una licitación en la que tienen un peso relevante los criterios sujetos a un juicio de valor, por ejemplo en el aspecto técnico o de calidad de la proposición,***

no cabe duda de que el mandato expreso del legislador de referir los parámetros objetivos que deberán permitir identificar los casos en que una oferta se considere anormal a la oferta considerada en su conjunto exige incluir los criterios sujetos a juicio de valor en el análisis.

Nunca liña similar, o informe 119/2018 da mencionada Xunta Consultiva de Contratación Pública do Estado contempla o seguinte:

“El literal del artículo 149.2 de la LCSP parece apuntar en el sentido analizado en estas Resoluciones. No exige que en la fijación de los parámetros objetivos para apreciar la temeridad - por obvia referencia al precio y al resto de los costes de la oferta - hayan de tenerse en cuenta todos los criterios de adjudicación utilizados en el procedimiento, sino que alude únicamente a la oferta considerada en su conjunto. Por tanto, parece razonable entender que el órgano de contratación debe seleccionar aquellos criterios de adjudicación sobre los cuales sea posible apreciar la temeridad de la proposición del licitador y establecer parámetros objetivos propios de cada uno de ellos, sin que necesariamente deba incluir parámetros sobre otros criterios que carezcan de trascendencia a los efectos de valorar la anormalidad de la oferta. Obviamente, entre los criterios seleccionados pueden existir criterios de carácter automático y también criterios dependientes de un juicio de valor porque en la valoración de tales criterios puede alcanzarse igualmente la conclusión de que una proposición resulta inviable en su ejecución, al poder influir ambos tipos de criterios sobre el precio y los costes del contrato. Este es el criterio que se deriva también del Fundamento de derecho Octavo de la Resolución del Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuales nº 575/2019, de 23 de mayo.

...

Bajo estas premisas, es claro que en los procedimientos en los que se utilice más de un criterio de adjudicación y se tomen en consideración criterios cualitativos como los enumerados en el artículo 145.2 de la LCSP, la finalidad de los parámetros objetivos a incluir en los pliegos será identificar aquellas ofertas de las que se pueda presumir que la relación existente entre la calidad propuesta y el precio o los costes de la prestación es desproporcionada y convierte en inviable la ejecución del contrato. Desde esta perspectiva parece razonable pensar que los criterios a incluir en los pliegos puedan introducir tanto elementos valorativos de la calidad ofrecida como del precio ofertado o una combinación de ambos de forma que, por ejemplo, a mayor calidad el parámetro objetivo para presumir la temeridad de la oferta desde el punto de vista económico sea mayor.

En conclusión, el órgano de contratación dispone de un margen de discrecionalidad para configurar los parámetros objetivos útiles para determinar cuándo una oferta es anormalmente baja. Tales parámetros han de hacer referencia a uno o a varios de los criterios económicos y cualitativos que se utilicen como criterios de adjudicación, seleccionando aquellos que sean más apropiados a estos efectos y sin que sea necesario que sean todos, pues pueden existir determinados criterios de selección que sean irrelevantes a estos efectos”.

Polo exposto anteriormente, tampouco resulta posible compartir esta apreciación, xa que tanto na Memoria xustificativa do contrato como no PCAP se establece unha fórmula coa finalidade de poder apreciar o carácter desproporcional da oferta considerando ista no seu conxunto. A regra establecida abarca a maior parte, o 95%, dos criterios de apreciación automática (xa que estes representan 81 puntos sobre un máximo de puntuación posible nestes apartados de 85). Trátase por outra banda dunha fórmula que xa se recollou noutros expedientes de contratación, sendo inicialmente informada favorablemente (expediente 2023/C004/000009). Non está a resultar a apreciación do carácter desproporcionado das ofertas unha cuestión pacífica, propoñéndose diferentes alternativas, pero evidenciándose, en todo caso, a intención de chegar a fórmulas que permitan avaliar as ofertas no seu conxunto coa finalidade de obter unha mellor relación calidade prezo nas prestacións contratadas. Finalmente, as advertencias sobre as posibles consecuencias da aplicación práctica desta cláusula parten de supostos que resulta moi difícil que se produzan na realidade, o que se ten evidenciando a non terse dado ata o de agora tal situación.

En base ao dito, e de conformidade co artigo 15.2. e 3 do Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entides do Sector Público Local antes indicado, expoño a través do presente **discrepancia** respecto ao reparo suspensivo emitido pola interventora municipal no seu informe de data 23 de maio de 2025 ao contrato menor denominado “Servizo de prevención de riscos laborais e medicina do

traballo do Concello de Cambre”, número de expediente TEDeC 2024/C004/000020, para a súa resolución pola Alcaldía polos distintos fundamentos de dereito expostos neste infome”.

Vista a Resolución da Alcaldía núm. 519/2025, do 2 de xuño de 2025, pola que se levanta o reparo suspensivo formulado pola interventora municipal no seu informe de data 23 de maio de 2025 (CVD: GmSDYhgASYjhEQxuqxG), isto con base no informe emitido polo xefe da Área de Urbanismo e Réxime Interior en data 30 de maio de 2024 (CVD: YYKRJIEJnhwCcU2+eWNh), e se dispón que continúe o procedemento.

Visto canto antecede e demais antecedentes que constan no expediente, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución número 391/2025, do 30 de abril, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro.- Declarar válida a licitación admitindo nela aos dous licitadores presentados:

- Aspy Prevención, S.L.U.
- Valora Prevención, S.L.U.

Segundo.- Aceptar a renuncia á proposta de adxudicación presentada por “Valora Prevención, S.L.U.” a través da Plataforma de Contratación del Sector Público (Código seguro de verificación: +UAPR_EED/Y_YGBS/_14386 – Verificable en <https://contrataciondelestado.es>), con data 12 de marzo de 2025, isto con base no disposto no artigo 158 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público.

Terceiro.- Adxudicar o contrato dos “Servizos de prevención de riscos laborais e medicina do traballo do Concello de Cambre”, expediente TEDeC núm. 2024/C004/000020, a favor do licitador “Aspy Prevención, S.L.U.” no prezo total ofertado, para dous anos, de 13.432,00 euros sen IVE (14.944,00 euros IVE incluído), e coas melloras ofertadas (16 recoñecementos médicos adicionais e 10 horas de formación e sensibilización presencial), iso por ser a única entidade que continúa no procedemento, sen que a súa oferta estea incurso en presunción de oferta anormalmente baixa.

Cuarto.- Designar responsable do contrato á xefa da Unidade de Réxime Interior, a quen corresponde supervisar a súa execución e adoptar as decisións e ditar as instrucións necesarias co fin de asegurar a correcta realización da prestación pactada.

Quinto.- Notificar este acordo aos licitadores presentados e publicar o acordo de adxudicación no Perfil do Contratante do Concello de Cambre, aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público do Estado (<https://contrataciondelestado.es>).

Sexto.- Dar traslado deste acordo, a través da plataforma de administración electrónica TEDeC, á interventora municipal e á responsable do contrato, para o seu coñecemento e para os efectos oportunos.

Este acordo, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, pon fin á vía administrativa. A teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderá recorrerse potestativamente en reposición ou impugna-la directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentarse ante a señora alcaldesa [artigo 124 da Lei 39/2015 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local].

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentarse perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que se poida exercer, de ser o caso, calquera outro recurso que se estime procedente”.

Non producíndose intervencións a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta do concelleiro delegado da Área de Economía, Facenda, Contratación, Réxime Interior e Desenvolvemento Económico de data 2 de xuño de 2025 (CVD: oMjcSajMNbi4ZMfcR0Rj), resultando aprobada por unanimidade, polo que devén en acordo nos termos anteriormente transcritos.

5.2. PROPOSTA RELATIVA Á CONTRATACIÓN DA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE MEDIACIÓN DE RISCOS E SEGUROS PARA O CONCELLO DE CAMBRE, MEDIANTE CONTRATO BASEADO NO ACORDO MARCO DO ANO 2024 DA CENTRAL DE CONTRATACIÓN DA FEMP. EXPEDIENTE TEDEC NÚM. 2025/C006/000002.

A Presidencia somete a debate e consideración da Xunta de Goberno Local a proposta do concelleiro delegado da Área de Economía, Facenda, Contratación, Réxime Interior e Desenvolvemento Económico de data 3 de xuño de 2025 (CVD: Vli9SV0TMSJyseDabzvx), que transcrita di:

“PROPOSTA DO CONCELLEIRO DELEGADO DA ÁREA DE ECONOMÍA, FACENDA, CONTRATACIÓN, RÉXIME INTERIOR E DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO

Visto que por Resolución da Alcaldía núm. 1950/2018, do 1 de outubro, o Concello de Cambre atópase adherido á Central de Contratación da FEMP, a cal se constitúe como un sistema de racionalización da contratación ao servizo das entidades locais asociadas.

Visto que a FEMP, a través da súa Central de Contratación, licitou en beneficio dos seus asociados e entes dependentes o servizo de mediación de riscos e seguros mediante un Acordo Marco cun único adxudicatario para cada un dos catro lotes por ramo ou tipoloxía de seguros que o compoñen.

Visto que o devandito acordo marco se adxudicou nos Lotes 1 e 2 a WILLIS IBERIA CORREDURÍA DE SEGUROS E REASEGUROS, S.A., o Lote 3 á UTE MARSH S.A. MEDIADORES DE SEGUROS E DEASTERRA PARTNERS, S.L.; e o Lote 4 a AON IBERIA CORREDURIA DE SEGUROS E REASEGUROS, S.A.U. con data de 11 de marzo de 2024, formalizándose o acordo marco para cada un dos lotes o 19 de abril de 2024.

Visto o expediente tramitado para a contratación do “Servizo de mediación de riscos e seguros para o Concello de Cambre, mediante contrato baseado no acordo marco do ano 2024 da Central de Contratación da FEMP” (expediente TEDeC núm. 2025/C006/000002).

Vista a memoria elaborada pola xefa da Unidade de Réxime Interior interina, de data 2 de xuño de 2025 (CVD: DYNf40LKJMiIVf+fOF9V), respecto da necesidade de contratación dos servizos de asesoramento profesional, promoción e mediación en operacións de seguro, en calquera das súas fases preparatorias e de seguimento, así como a posterior asistencia ao tomador de seguros, aos asegurados e aos beneficiarios.

Visto o informe de Secretaría de data 2 de xuño de 2025 (CVD: u4p7BfRsiMfUNn7FRXKM) no que se informa favorablemente o procedemento para a adxudicación do contrato.

Vista a dilixencia de Intervencion de data 3 de xuño de 2025 (CVD: i4+APR/VgBEdHW0hHtv+) que, entre outras cousas, di:

“(…) O expediente tedec número 2025/C006/000002 non ten contido económico por canto a súa adxudicación e execución non xerará obriga algunha con cargo ao orzamento municipal, en consecuencia, non está suxeito a fiscalización previa. (...)”

Visto canto antecede e demais antecedentes que constan no expediente, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución número 391/2025, do 30 de abril, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro.- Adxudicar o contrato baseado para a mediación dos riscos e seguros do Concello de Cambre ás adxudicatarias do Acordo marco para a prestación do servizo de mediación de riscos e seguros pola Central de Contratación da FEMP, para os lotes que a seguir se indican:

LOTE	RAMO DE SEGURO	ADXUDICATARIAS
1	Seguro de responsabilidade civil patrimonial, de responsabilidade civil dos seus altos cargos e persoal electo ao servizo de entidades locais e entes dependentes, de responsabilidade civil de profesionais ao servizo de entidades locais e entes dependentes, ciberseguridade e outros riscos vinculados á responsabilidade civil en actividades profesionais	WILLIS IBERIA CORREDURÍA DE SEGUROS Y REASEGUROS, S.A.
2	Seguro de danos materiais para entidades locais e entes dependentes e outros riscos vinculados a danos materiais	WILLIS IBERIA CORREDURÍA DE SEGUROS Y REASEGUROS, S.A.
3	Seguro colectivo de accidentes e vida para entidades locais e entes dependentes e outros riscos vinculados a danos sobre as persoas	UTE MARSH S.A. MEDIADORES DE SEGUROS Y DEASTERRA PARTNERS, S.L.
4	Seguro de flota de vehículos para entidades locais e entes dependentes, e outros riscos vinculados a medios de transporte	AON IBERIA CORREDURIA DE SEGUROS Y REASEGUROS SAU.

Os contratos baseados estarán suxeitos ao disposto no prego de cláusulas administrativas particulares e no prego de prescricións e técnicas que rexen o acordo marco, coas condicións que de seguido se relacionan:

- **Oferta económica (comisións):**

LOTE	ADXUDICATARIA	COMISIÓN OFERTADA
1	WILLIS IBERIA CORREDURIA DE SEGUROS Y REASEGUROS S.A.,	11%
2	WILLIS IBERIA CORREDURIA DE SEGUROS Y REASEGUROS S.A.,	9%
3	UTE MARSH S.A. MEDIADORES DE SEGUROS Y DEASTERRA PARTNERS, S.L	11%

4	AON IBERIA CORREDURIA DE SEGUROS Y REASEGUROS SAU.	7%
---	--	----

- **Valor estimado del contrato:** 26.643,08 euros
- **Duración:** 12 meses, podendo prorrogarse por dous (2) períodos de 12 meses cada un deles
- **Revisión de prezos:** Non
- **Garantías:** Non
- **Condición especial de execución:** Que o persoal adscrito a cada contrato baseado teña contrato indefinido, achegando a adxudicataria a declaración responsable correspondente ao inicio do contrato baseado.
- **Responsable do contrato:** A xefa da Unidade de Réxime Interior.

Segundo: Comunicar este acordo ás adxudicatarias a través da Plataforma informática da Central de Contratación, publicar o acordo no Perfil do contratante do Concello de Cambre, incluído na Plataforma de Contratación do Sector Público do Estado, e notificarlo ás adxudicatarias conforme co establecido na Disposición adicional décimo quinta da LCSP.

O contrato baseado despregará efectos dende a notificación da adxudicación.

Este acordo, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, pon fin á vía administrativa. A teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderá recorrerse potestativamente en reposición ou impugnala directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentarse ante a señora alcaldesa [artigo 124 da Lei 39/2015 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local].

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentarse perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que se poida exercer, de ser o caso, calquera outro recurso que se estime procedente”.

Non producíndose intervencións a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta do concelleiro delegado da Área de Economía, Facenda, Contratación, Réxime Interior e Desenvolvemento Económico de data 3 de xuño de 2025 (CVD: Vli9SV0TMSJyseDabzvx), resultando aprobada por unanimidade, polo que devén en acordo nos termos anteriormente transcritos.

6.- ROGOS E PREGUNTAS

Non se formulou ningún/ningunha.



E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as dez horas e trinta e seis minutos do mencionado día, estendéndose para a debida constancia a presente acta, do que eu, secretaria xeral, dou fe.

Visto e prace

A presidenta

Diana Piñeiro Fernández

A secretaria xeral

Pilar María Pastor Novo